Mantemento de equipo industrial	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Deseño de instalacións: 4.5 créditos Tecnoloxía eléctrica: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Proxectos: 6 créditos</li> </ul>
Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Deseño de instalacións: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Proxectos: 6 créditos</li> </ul>
Produción de madeira e moble	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Troncais Operacións básicas e control de procesos: 6 créditos</li> </ul>
Química ambiental	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación Tratamento de residuos industriais: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Hixiene na industria alimentaria: 4.5 créditos</li> </ul>
Sistemas de regulación e control automáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Tecnoloxía eléctrica: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Economía: 9 créditos Electrotecnia e enxeñaría térmica: 6 créditos Operacións básicas e control de procesos: 6 créditos</li> </ul>
Sistemas de telecomunicación e informáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Troncais Economía: 9 créditos</li> </ul>
Xestión e organización de empresas agropecuarias	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación Agricultura e produtos biolóxicos: 4.5 créditos Normalización e lexislación alimentaria: 4.5 créditos Tratamento de residuos industriais: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Deseño de instalacións: 4.5 créditos Fitopatoloxía: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Agronomía: 6 créditos Bases botánicas para a produción agrícola: 4.5 créditos Economía: 9 créditos Proxectos: 6 créditos</li> </ul>
Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación Agricultura e produtos biolóxicos: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Deseño de instalacións: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Agronomía: 6 créditos Bases botánicas para a produción agrícola: 4.5 créditos Economía: 9 créditos Proxectos: 6 créditos</li> </ul>

## Licenciatura en ciencia e tecnoloxía dos alimentos (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 15 créditos

## Licenciatura en física (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 31.5 créditos

## Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

### Diplomatura en ciencias empresariais (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 20.5 créditos
Administración e finanzas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación Auditoría da empresa: 6 créditos Creación e viabilidade de empresas: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Ofimática. Técnicas informáticas administrativas: 4.5 créditos</li> </ul>
Comercio internacional	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Troncais Contabilidade financeira: 12 créditos Dirección comercial I: 4.5 créditos</li> <li>• Obrigatorias Idioma empresarial-comercial I: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Ofimática. Técnicas informáticas administrativas : 4.5 créditos</li> </ul>
Secretariado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigatorias Idioma empresarial-comercial I: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Ofimática. Técnicas informáticas administrativas : 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Introdución ao dereito empresarial: 4.5 créditos</li> </ul>
Xestión comercial e márketing	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigatorias Idioma empresarial-comercial I: 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Ofimática. Técnicas informáticas administrativas : 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Dirección comercial II: 4.5 créditos</li> </ul>
Xestión do transporte	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Ofimática. Técnicas informáticas administrativas : 4.5 créditos</li> </ul>

### Diplomatura en turismo (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 20 créditos

## Licenciatura en administración e dirección de empresas (Ourense)

### Ciclo de grao superior

### Materias validadas

Calquera ciclo de grao superior

Libre configuración: 17 créditos

## Facultade de Ciencias da Educación

### Diplomatura en educación social (Ourense)

#### Ciclo de grao superior

#### Materias validadas

Calquera ciclo de grao superior

Libre configuración: 20.5 créditos

Animación sociocultural

- Obrigatorias  
Educación non formal e pedagogía do lecer: 6 créditos
- Optativas xerais  
Habilidades sociais e técnicas de grupo: 6 créditos

- Troncais  
Practicum I: 14 créditos  
Programas de animación sociocultural: 6 créditos

Integración social

- Obrigatorias  
Deseño en formación ocupacional e inserción laboral : 6 créditos
- Optativas xerais  
Educación e animación sociolaboral: 6 créditos
- Troncais  
Intervención educativa sobre problemas fundamentais de adaptación social : 9 créditos  
Practicum I: 14 créditos

### Diplomatura en traballo social (Ourense)

#### Ciclo de grao superior

#### Materias validadas

Calquera ciclo de grao superior

Libre configuración: 21 créditos

Animación sociocultural

- Obrigatorias  
Socioloxía da comunidade. Desenvolvemento comunitario : 6 créditos
- Optativas xerais  
Dinámica de grupos: 6 créditos  
Pedagogía social: 6 créditos

Educación infantil

- Optativas xerais  
Pedagogía social: 6 créditos

Integración social

- Optativas xerais  
Avaliación de programas sociais: 6 créditos  
Traballo social e marxinación social: 6 créditos

### Licenciatura en psicopedagogía (Ourense)

#### Ciclo de grao superior

#### Materias validadas

Calquera ciclo de grao superior

Libre configuración: 14 créditos

### Mestre, especialidade de educación especial (Ourense)

#### Ciclo de grao superior

#### Materias validadas

Calquera ciclo de grao superior

Libre configuración: 21 créditos

Animación de actividades físicas e deportivas

- Optativas xerais  
Actividades físicas e deportivas no tempo libre : 6 créditos

## Mestre, especialidade de educación infantil (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos
Animación de actividades físicas e deportivas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Opativas xerais</li> <li>• O xogo nas actividades físicas organizadas: 6 créditos</li> </ul>
Educación infantil	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Opativas xerais</li> <li>• Didáctica da educación infantil: 6 créditos</li> <li>• Didáctica da educación para a saúde: 6 créditos</li> <li>• Troncais</li> <li>• Desenvolvemento psicomotor: 6 créditos</li> </ul>

## Mestre, especialidade de educación primaria (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos

## Mestre, especialidade de lingua estranxeira (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos

## Facultade de Dereito

### Licenciatura en dereito (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 34 créditos

## Facultade de Historia

### Licenciatura en historia (Ourense)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 31 créditos

## PONTEVEDRA

## Escola Universitaria de Enfermaría

### Diplomatura en enfermaría (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 24 créditos

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Análise e control	Libre configuración: 22.5 créditos
Automoción	Libre configuración: 22.5 créditos
Construcións metálicas	Libre configuración: 22.5 créditos
Desenvolvemento de proxectos de instalacións de fluídos, térmicas e de manutención	Libre configuración: 22.5 créditos
Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble	Libre configuración: 22.5 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación                      Deseño industrial e desenvolvemento de produtos na industria da madeira : 6 créditos</li> </ul>
Desenvolvemento de produtos electrónicos	Libre configuración: 22.5 créditos
Desenvolvemento de proxectos mecánicos	Libre configuración: 22.5 créditos
Deseño e produción editorial	Libre configuración: 22.5 créditos
Industria alimentaria	Libre configuración: 22.5 créditos
Industrias de proceso de pasta e papel	Libre configuración: 22.5 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación                      Celulosa, pasta e papel: 6 créditos</li> </ul>
Industrias de proceso químico	Libre configuración: 22.5 créditos
Instalacións electotécnicas	Libre configuración: 22.5 créditos
Mantemento aeromecánico	Libre configuración: 22.5 créditos
Mantemento de aviónica	Libre configuración: 22.5 créditos
Mantemento de equipo industrial	Libre configuración: 22.5 créditos
Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso	Libre configuración: 22.5 créditos
Prevenición de riscos profesionais	Libre configuración: 22.5 créditos
Procesos de ennobrecemento téxtil	Libre configuración: 22.5 créditos
Procesos téxtiles de fiadura e tecedura de calada	Libre configuración: 22.5 créditos
Procesos téxtiles de tecedura de punto	Libre configuración: 22.5 créditos
Produción acuícola	Libre configuración: 22.5 créditos
Produción de madeira e moble	Libre configuración: 22.5 créditos
Produción en industrias de artes gráficas	Libre configuración: 22.5 créditos
Produción por fundición e pluvimetallurxia	Libre configuración: 22.5 créditos
Produción por mecanizado	Libre configuración: 22.5 créditos
Saúde ambiental	Libre configuración: 22.5 créditos
Sistemas de regulación e control automáticos	Libre configuración: 22.5 créditos
Sistemas de telecomunicación e informáticos	Libre configuración: 22.5 créditos
Xestión e organización de empresas agropecuarias	Libre configuración: 22.5 créditos
Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos	Libre configuración: 22.5 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas de orientación                      Aproveitamentos forestais: 6 créditos                      Caza e pesca continental: 6 créditos</li> </ul>

## Escola Universitaria de Fisioterapia

### Diplomatura en fisioterapia (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos

## Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

### Diplomatura en xestión e administración pública (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Administración e finanzas	Libre configuración: 21 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigatorias As administracións locais en Galicia: 4.5 créditos</li> <li>• Troncais Nocións básicas de contabilidade: 4.5 créditos</li> </ul>
Animación sociocultural	Libre configuración: 21 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Troncais Xestión administrativa: 4.5 créditos</li> </ul>
Desenvolvemento de aplicacións informáticas	Libre configuración: 21 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas Informática de xestión: 6 créditos</li> <li>• Troncais Sistemas de información na Administración pública : 4.5 créditos</li> </ul>
Xestión comercial e márketing	Libre configuración: 21 créditos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas Márketing público: 6 créditos</li> </ul>

### Licenciatura en comunicación audiovisual (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Imaxe	Libre configuración: 30 créditos
Produción de audiovisuais, radio e espectáculos	Libre configuración: 30 créditos

### Licenciatura en publicidade e relacións públicas (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Imaxe	Libre configuración: 30.5 créditos

## Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

### Licenciatura en ciencias da actividade física e do deporte (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 30 créditos

## Mestre, especialidade de educación física (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 20.5 créditos
Animación de actividades físicas e deportivas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obrigatorias Iniciación deportiva: 4.5 créditos O xogo e as actividades físicas de tempo libre : 4.5 créditos</li> <li>• Optativas xerais Deporte para todos: 6 créditos</li> </ul>
Integración social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Psicoloxía xurídica do menor: 6 créditos</li> </ul>

## Mestre, especialidade de educación infantil (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos
Educación infantil	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Didáctica da educación infantil: 6 créditos Didáctica da educación para a saúde: 6 créditos</li> <li>• Troncais Desenvolvemento psicomotor: 6 créditos</li> </ul>
Integración social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Psicoloxía xurídica do menor: 6 créditos</li> </ul>

## Mestre, especialidade de educación musical (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos
Integración social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Psicoloxía xurídica do menor: 6 créditos</li> </ul>

## Mestre, especialidade de educación primaria (Pontevedra)

Ciclo de grao superior	Materias validadas
Calquera ciclo de grao superior	Libre configuración: 21 créditos
Integración social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optativas xerais Psicoloxía xurídica do menor: 6 créditos</li> </ul>



## 2. Ensinanzas artísticas superiores

### 2.1. Música e artes escénicas

#### 2.1.1. Música

O grao superior de Música organízase nun único grao que ten unha duración de catro ou cinco cursos académicos, dependendo da especialidade. As ensinanzas das diferentes especialidades estrutúranse nunha serie de materias por curso, que poden ser obrigatorias (troncais e propias da especialidade), optativas ou de libre elección. Ao remate dos estudos, cómpre superar o traballo de fin de carreira, que consiste na realización dun concerto para as especialidades instrumentais, e na realización, defensa e presentación dun traballo de investigación ou de composición, dependendo da especialidade, para as non instrumentais.

#### **O acceso a estes estudos:**

Accédese ao grao superior de música mediante proba de acceso específica para cada especialidade, sendo necesarios os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente.
2. Ter superados os estudos correspondentes ao terceiro ciclo do grao medio de música.

Non obstante, é posible acceder ao grao superior sen estar en posesión dun ou dos dous requisitos académicos devanditos, sempre que, a través dunha proba extraordinaria, o aspirante demostre posuír os coñecementos e mais as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento a súa especialidade.

Correspóndelle a cada conservatorio concretar o calendario de realización dos exercicios de que constan as referidas probas de acceso ás diferentes especialidades. Este calendario debe ser anunciado ao inicio do curso académico.

As probas de acceso celébranse nunha única convocatoria anual, que ten lugar antes do 15 de xullo.

#### **Estrutura da proba ordinaria específica**

A proba ordinaria específica, no acceso a especialidades instrumentais, consta das seguintes partes:

1. Interpretación dun programa dunha duración aproximada de 30 minutos, integrado por obras ou estudos dunha dificultade apropiada a este nivel.
2. Análise formal, harmónica, estilística e historicista dunha obra ou fragmento proposto polo tribunal.
3. Lectura a primeira vista. Na especialidade de jazz, esta proba substitúese pola realización dunha improvisación a partir dunha secuencia harmónica dada.

No acceso a especialidades non instrumentais, a proba ordinaria específica consta de varias partes, atendendo ás características propias de cada especialidade (interpretación no instrumento, lectura a vista, realización de traballos harmónico-contrapuntísticos, probas auditivas e vocais, presentación e defensa oral de traballos, etc...).

Especialidades	Duración	Título Superior de Música	Conservatorios nos que se imparte
Acordeón	4 anos	Acordeón	C. Superior da Coruña
Canto	4 anos	Canto	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Clarinete	4 anos	Clarinete	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Clave	4 anos	Clave	Non se imparte en Galicia
Composición	5 anos	Composición	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Contrabaixo	4 anos	Contrabaixo	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Dirección de coro	5 anos	Dirección de coro	Non se imparte en Galicia
Dirección de orquestra	5 anos	Dirección de orquestra	Non se imparte en Galicia
Etnomusicoloxía	4 anos	Etnomusicoloxía	Non se imparte en Galicia
Fagot	4 anos	Fagot	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Flamenco. Flamencoloxía	4 anos	Flamencoloxía	Non se imparte en Galicia
Flamenco. Guitarra flamenca	4 anos	Guitarra flamenca	Non se imparte en Galicia
Frauta travesa	4 anos	Frauta travesa	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Frauta de bico	4 anos	Frauta de bico	Non se imparte en Galicia
Guitarra	4 anos	Guitarra	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Arpa	4 anos	Arpa	Non se imparte en Galicia
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco	4 anos	Corda pulsada do Renacemento e do Barroco	Non se imparte en Galicia
Instrumentos da música antiga	4 anos	Música antiga	Non se imparte en Galicia
Instrumentos da música tradicional e popular	4 anos	Música tradicional e popular	C. Superior de Vigo
Instrumentos de puga	4 anos	Puga	Non se imparte en Galicia
Jazz	4 anos	Jazz	C. Superior da Coruña
Musicoloxía	4 anos	Musicoloxía	C. Superior de Vigo
Óboe	4 anos	Óboe	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Órgano	4 anos	Órgano	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da linguaxe e da educación musical	4 anos	Pedagogía da linguaxe e da educación musical	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Pedagogía do canto	4 anos	Pedagogía do canto	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do acordeón	4 anos	Pedagogía do acordeón	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da arpa	4 anos	Pedagogía da arpa	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do clarinete	4 anos	Pedagogía do clarinete	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do clave	4 anos	Pedagogía do clave	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do contrabaixo	4 anos	Pedagogía do contrabaixo	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do fagot	4 anos	Pedagogía do fagot	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da frauta travesa	4 anos	Pedagogía da frauta travesa	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da frauta de bico	4 anos	Pedagogía da frauta de bico	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da guitarra	4 anos	Pedagogía da guitarra	Non se imparte en Galicia

<b>Especialidades</b>	<b>Duración</b>	<b>Título Superior de Música</b>	<b>Conservatorios nos que se imparte</b>
Pedagogía dos instrumentos de puga	4 anos	Pedagogía dos instrumentos de puga	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do óboe	4 anos	Pedagogía do óboe	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do órgano	4 anos	Pedagogía do órgano	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da percusión	4 anos	Pedagogía da percusión	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do piano	4 anos	Pedagogía do piano	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do saxofón	4 anos	Pedagogía do saxofón	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da trompa	4 anos	Pedagogía da trompa	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da trompeta	4 anos	Pedagogía da trompeta	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do trombón	4 anos	Pedagogía do trombón	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da tuba	4 anos	Pedagogía da tuba	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da viola	4 anos	Pedagogía da viola	Non se imparte en Galicia
Pedagogía da viola da gamba	4 anos	Pedagogía da viola da gamba	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do violín	4 anos	Pedagogía do violín	Non se imparte en Galicia
Pedagogía do violoncello	4 anos	Pedagogía do violoncello	Non se imparte en Galicia
Percusión	4 anos	Percusión	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Piano	4 anos	Piano	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Saxofón	4 anos	Saxofón	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Trompa	4 anos	Trompa	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Trompeta	4 anos	Trompeta	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Trombón	4 anos	Trombón	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Tuba	4 anos	Tuba	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Viola	4 anos	Viola	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Viola da gamba	4 anos	Viola da gamba	Non se imparte en Galicia
Violín	4 anos	Violín	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo
Violoncello	4 anos	Violoncello	C. Superior da Coruña C. Superior de Vigo

## 2.1.2. Danza

O ciclo de grao superior de Danza, que actualmente non se imparte en Galicia, ten unha duración de catro cursos e divídese nas especialidades de Coreografía da danza e Pedagogía da danza. A diferenza dos estudos superiores de música, as ensinanzas superiores de danza non teñen como obxectivo continuar o perfeccionamento no dominio do corpo, xa que se considera que coa superación do grao medio de danza o bailarín xa ten adquirida unha formación integral para o exercicio artístico-profesional. A finalidade, pois, deste grao superior é proporcionarlles aos profesionais da danza unha formación que lles permita continuar neste eido das artes cando as súas condicións físicas, por mor da idade, non lles posibiliten o rendemento imprescindible para poder danzar.

Os alumnos que superan estes estudos teñen dereito ao título superior, equivalente para todos os efectos ao título de licenciado universitario.

### O acceso a estes estudos

Accédese ao grao superior de Danza se se reúnen os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente.
2. Ter superados os estudos correspondentes ao terceiro ciclo do grao medio de Danza.

Non obstante, é posible acceder ao grao superior sen estar en posesión dun ou dos dous requisitos académicos devanditos, sempre que, a través dunha proba extraordinaria, o aspirante demostre posuír os coñecementos e mais as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento a súa especialidade.

## 2.1.3. Arte dramática

Implantadas en Galicia no ano académico 2005-2006 na cidade de Vigo, as ensinanzas superiores de Arte dramática constitúen un ciclo único de catro cursos, cunha titulación final equivalente, para todos os efectos, á de licenciado universitario. Estrutúrase nas especialidades de Interpretación, Dirección de escena e dramaturxia e Escenografía. Á súa vez, cada unha destas especialidades está dividida nos seguintes itinerarios formativos:

<b>Especialidade</b>	<b>Opcións</b>
Dirección de escena e dramaturxia	A) Dirección de escena B) Dramaturxia
Escenografía	A) Escenografía
Interpretación	A) Interpretación textual B) Interpretación corporal C) Interpretación con obxectos D) Interpretación no musical

## 2.2. Artes plásticas e deseño

### 2.2.1. Ciclos superiores

As ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos estrutúranse en familias profesionais, (semellantes á da formación profesional), e comprenden unha serie de ciclos de grao medio (dun ou dous cursos de duración) e de grao superior (de dous cursos). Estes ciclos constan dunha formación teórico-práctica na escola onde se imparten e dunha formación práctica en empresas, estudos ou talleres, unha vez superados os estudos no centro.

Ademais, para a obtención do título deberase superar unha obra final, nos ciclos de grao medio, e un proxecto final, no caso dos ciclos de grao superior.

#### Acceso aos ciclos de grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

##### Acceso directo ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

Estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións: título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño dunha familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursar ou título declarado equivalente, así como quen estea en posesión de algunha das seguintes titulacións:

##### Acceso directo ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño	En calquera familia profesional relacionada coas ensinanzas que se desexen cursa
Título de Bacharel, modalidade de artes	A estes efectos será equivalente o Bacharelato artístico experimental
Título superior de Artes Plásticas e Título superior de Deseño declarado equivalentes	En calquera especialidades, ou título
Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais	En calquera especialidades
Licenciatura en Belas Artes	
Arquitectura	
Enxeñería Técnica en Deseño Industrial	

Así mesmo estarán exentos de realizar a proba específica de acceso ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño quen, estando en posesión dos requisitos académicos acredite ter experiencia laboral de, polo menos un ano, relacionada directamente coas competencias profesionais do ciclo formativo ao que se queira acceder, aportando a correspondente certificación da empresa onde adquiriu a experiencia laboral.

##### Acceso mediante proba ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

Para acceder ao grao superior das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión do título de bacharel, así como superar unha proba específica que permita demostrar as aptitudes e os coñecementos artísticos para cursar con aproveitamento as ensinanzas de que se trate.

Tamén poderá acceder a estas ensinanzas quen, sen estar en posesión dos requisitos académicos de acceso, acredite mediante a superación dunha proba de acceso, ter a madurez en relación aos obxectivos do bacharelato, ademais das aptitudes necesarias ás que se refire o artigo 4.3 desta orde, e teñan como mínimo dezanove anos cumpridos no ano de realización da proba, ou dezaoto anos se se acredita a posesión dun título de técnico de artes plásticas e deseño

	<b>Acceso ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño</b>	<b>Proba de acceso</b> (proba de madurez e proba específica)	<b>Proba específica</b>	<b>Acceso directo</b>
<b>Con requisitos académicos</b>	Con título de bacharel pola especialidade de artes			•
	Con título de bacharel por calquera outra especialidade que non sexa a de artes		•	
	Con título de técnico de Artes plásticas da mesma familia á que se quere acceder			•
	Con título de técnico superior de Artes plásticas, título superior de Artes plásticas, título superior de Deseño, título superior de Conservación e restauración de bens culturais, licenciatura en Belas artes, Arquitectura, ou Enxeñería técnica en Deseño industrial			•
<b>Sen requisitos</b>	Cumpridos os 19 anos, superar unha proba de madurez e superar unha proba de carácter específico	•	•	

A proba de acceso constará de dúas partes:

- A parte xeral que, para o acceso ao grao superior, versará sobre os coñecementos e capacidades básicas das materias comúns do bacharelato.
- A parte específica que, permitirá valorar as aptitudes e os coñecementos artísticos necesarios para poder cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

## 2.2.2. Estudos superiores

### Os estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais

Os estudos de conservación e restauración de bens culturais son estudos superiores encamiñados á formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación. En Galicia impártense as especialidades de pintura, escultura e arqueoloxía, cunha duración de tres anos, dos que o primeiro curso é común ás tres especialidades. A titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente, para todos os efectos, a unha diplomatura universitaria.

Estes estudos impártense en Galicia só na Escola Superior emprazada en Pontevedra.

### O acceso a estes estudos

Accederán directamente os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño.

Accederán mediante unha proba específica de acceso os alumnos que teñan o título de bacharel. Esta proba terá lugar na segunda quincena de setembro. Consta de tres partes:

1. Madurez e formación: análise e comentario crítico dun texto relacionado cos bens culturais.
2. Coñecementos específicos: proba teórica que tratará sobre as materias de Historia de España, Física e química, Historia da arte e Bioloxía, entre as que cumprirá elixir dúas materias. Posteriormente contestarase a unha pregunta de entre as catro que se propoñan por cada unha das materias elixidas.
3. Aptitude plástica: debuxo (do natural, con modelo exento estático), cor (realización dun traballo sobre representación da cor) e aptitude (realización dun traballo práctico sobre as aptitudes específicas que requiren estes estudos).

### Os estudos superiores de deseño

Os estudos superiores de deseño están encamiñados á formación de profesionais no mundo do deseño nas especialidades de moda, interiores, produtos e deseño gráfico. Teñen unha duración de tres anos, dos que o primeiro curso é común ás catro especialidades. A titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente, para todos os efectos, a unha diplomatura universitaria. Estes estudos impártense, dende este ano académico 2005-2006, nos seguintes centros:

- Escola de arte Mestre Mateo de Santiago de Compostela: Deseño de moda e Deseño de produtos.
- Escola de arte Pablo Picasso da Coruña: Deseño de interiores e Deseño gráfico.
- Escola de arte Ramón Falcón de Lugo: Deseño gráfico e Deseño de interiores.
- Escola de arte Antonio Falde de Ourense: Deseño gráfico e Deseño de interiores.

### O acceso a estes estudos

Accederán directamente os alumnos que teñan o título de técnico superior de Artes plásticas e deseño.

Accederán mediante unha proba específica de acceso os alumnos que teñan o título de bacharel. Esta proba terá lugar na segunda quincena de setembro. Consta de dúas partes:

1. Primeiro exercicio. Coñecementos xerais dos contidos das materias do nivel educativo precedente: Lingua castelá e literatura, Historia, Matemáticas, Física e química, Lingua estranxeira e Lingua galega.

Cada aspirante seleccionará tres das devanditas materias e desenvolverá por escrito unha das catro cuestións propostas polo tribunal para cada unha das materias elixidas. O tempo máximo para contestar a cada unha das materias será de sesenta minutos.

2. Segundo exercicio. Este exercicio constará de dúas partes: A primeira parte, cunha duración máxima de cinco horas, consistirá na realización dun exercicio de representación dun modelo tridimensional mediante a aplicación de técnicas e linguaxes propias do debuxo artístico, e a representación deste modelo, ou ben doutro diferente, nun sistema propio das linguaxes de representación técnica.

A segunda parte, cunha duración máxima dunha hora, consistirá na realización dun exercicio compositivo, a cores, realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

Os aspirantes que non teñan o título de bacharelato, se teñen cumpridos os 19 anos ou os cumpren no ano da proba, poderán acceder mediante unha proba de madurez, ademais da específica.

### 3. Ensinanzas deportivas

As ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar aos alumnos para a actividade profesional no sistema deportivo en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva, e facilitar a adaptación dos técnicos formados á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa.

Estas ensinanzas regradas conducen a títulos específicos para cada modalidade ou especialidade, con valor académico e profesional e describen un perfil profesional para cada ciclo. Organízanse en ciclos de ensinanzas deportivas, no que o ciclo superior conduce ao título de Técnico deportivo superior.

#### Catálogo completo de ciclos formativos de grao superior

Modalidade	Ciclo Formativo de Grao Superior
Deportes de montaña e escalada	Técnico/a deportivo/a superior en alta montaña
	Técnico/a deportivo/a superior en escalada
	Técnico/a deportivo/a superior en esquí de montaña
Deportes de inverno	Técnico/a deportivo/a superior en esquí de fondo
	Técnico/a deportivo/a superior en esquí alpino
	Técnico/a deportivo/a superior en snowboard
Fútbol	Técnico/a deportivo/a superior en fútbol
Fútbol sala	Técnico/a deportivo/a superior en fútbol sala
Atletismo	Técnico/a deportivo/a superior en atletismo
Balonmán	Técnico/a deportivo/a superior en balonmán
Baloncesto	Técnico/a deportivo/a superior en baloncesto

A formación en Galicia impártese no CAF Real Club Deportivo de La Coruña ( A Coruña), na especialidade de Fútbol.


### Requisitos xerais:

- Estar en posesión do título de Bacharelato, equivalente ou proba de madureza, dita proba ten por obxecto demostrar a madureza en relación cos obxectivos formativos do bacharelato, esta proba versará sobre os contidos das materias comúns do currículo de bacharelato, para realizala requírese unha idade mínima de 19 anos, cumpridos dentro do ano natural de realización da proba, ou de 18 anos cando se posúa un título de técnico relacionado con aquel ao que se desexe acceder.
- Estar en posesión do título de Grao Medio da correspondente modalidade ou especialidade.

### Requisitos de carácter específico:

- Nalgúns casos, superar unha proba de carácter específico ou acreditación de mérito deportivo, de ser o caso.
- Cumprir cos requisitos deportivos que puideran establecerse na especialidade ou modalidade correspondente.





Bolsas, axudas  
e premios  
para estudos  
superiores

- A información relativa ás axudas e premios para estudos superiores é orientativa e pode sufrir modificacións ao longo do ano 2008.
- As solicitudes, xunto coa documentación requirida, poderán presentarse, amais de nos rexistros sinalados en cada unha das convocatorias, en calquera das dependencias previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro).

### 1. Bolsas, axudas e premios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Axudas a estudantes universitarios con residencia en Galicia que cursan estudos oficiais fóra da nosa comunidade autónoma por non estaren implantados no Sistema Universitario de Galicia

#### Obxecto

Axudar a sufragar parte dos gastos derivados da súa estadía fóra da comunidade autónoma de Galicia.

#### Destinatarios

Alumnado universitario.

#### Requisitos

- Ter residencia familiar na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cursar estudos presenciais, de primeiro ciclo ou primeiro e segundo ciclo, en universidades públicas de fóra de Galicia nunha titulación de carácter oficial e validez nacional que non se imparta nalgunha das universidades desta comunidade autónoma, ou que veñan cursando eses estudos con continuidade noutra universidade pública de fóra de Galicia desde antes de que se comezaran a impartir no Sistema Universitario de Galicia.
- Estar matriculado/a en, como mínimo, 50 créditos incluíndo neles o proxecto fin de carreira.
- O alumnado que inicie por primeira vez o primeiro curso universitario ten que ter unha nota de acceso á universidade igual ou superior a 5,5 puntos. Os estudantes que estean cursando estudos universitarios deberán posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1,5 puntos e das técnicas 1,20 puntos.

#### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Contía

Ata un máximo de 3.000 euros.

#### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

#### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Bolsas para o alumnado universitario galego, descendente de galegos ou con residencia familiar en Galicia que, por causa sobrevida ou imprevista, teña dificultades económicas para continuar estudos

### Obxecto

Facer fronte a causas sobrevidas que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos económicos que lle permitan a continuidade dos estudos universitarios ao alumnado afectado, sen pretender solucións plenas á problemática que poidan presentar.

### Destinatarios

Alumnado universitario.

### Requisitos

- Ser galego ou galega, descendente de galego ou con residencia familiar en Galicia (cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación da convocatoria).
- Cursar estudos presenciais de primeiro ciclo ou de primeiro e segundo ciclo conducen-tes a títulos universitarios de carácter oficial e validez nacional nas universidades do SUG ou nunha universidade de fóra de Galicia, sempre que a titulación universitaria non se imparta nalgunha das universidades desta comunidade autónoma.
- Estar matriculado/a en, como mínimo, 50 créditos.
- Non posuír medios económicos.
- Xustificar documentalmente a causa sobrevida e imprevista que lle impida ou dificulte continuar os estudos, así como que as condicións socioeconómicas actuais se deben á nova situación.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

Ata un máximo de 5.000 euros.

### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Bolsas de residencia, para a realización de estudos universitarios en centros do Sistema Universitario de Galicia, destinadas aos galegos e galegas e aos seus descendentes que teñan a súa residencia familiar en territorio español fóra da Comunidade Autónoma de Galicia

### **Obxecto**

Ter a posibilidade de formarse nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, ao tempo que se contribúe ao fortalecemento da súa orixe galega.

### **Destinatarios**

Alumnado universitario.

### **Requisitos**

- Ser galego/a ou descendente de galego/a en liña directa (pais-fillos-netos) e ter a súa residencia familiar en territorio nacional fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Realizar estudos universitarios presenciais conducentes a titulacións de carácter oficial e validez nacional nalgunha das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1 punto. No caso de alumnos/as de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos. O alumnado que inicie por primeira vez o primeiro curso universitario ten que ter unha nota de acceso á universidade igual ou superior a 5,5 puntos.
- Matricularse nunha universidade do SUG dun curso completo ou, como mínimo, de 60 créditos, agás naqueles casos nos que, por razóns académicas, non lle sexa posible e poida xustificarse documentalmente.

### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### **Contía**

Ata un máximo de 3.000 euros.

### **Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

### **Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Bolsas destinadas a galegos, persoas de orixe galega e aos seus descendentes para a realización de estudos universitarios (Programa de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia)

### **Obxecto**

Darlles a oportunidade aos galegos residentes no exterior e aos seus descendentes ata segundo grao, de formarse no eido cultural e educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no seo das súas institucións académicas realizando estudos universitarios de carácter oficial e validez nacional.

### **Destinatarios**

Alumnado universitario.

### **Requisitos**

- Ser galego/a, fillo/a ou neto/a de galegos con residencia no estranxeiro.
- Matricularse nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela ou Vigo para iniciar ou continuar estudos universitarios de carácter oficial e validez nacional.

### **Como solicitalas**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentarse no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración. Se a solicitude é subscrita no estranxeiro poderá cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

### **Contía**

Axuda máxima de 6.000 euros. A maiores ao alumnado que acredite residencia no estranxeiro, asinaráselle unha axuda para sufragar os gastos da viaxe que será de 350 euros se reside en países europeos e 1.000 euros se residen no resto de países.

### **Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

### **Información**

- Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Servizo de tramitación de axudas aos centros e comunidades galegas da Secretaría Xeral de Emigración.

### Obxecto

Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento dun segundo idioma nun país da Unión Europea ao tempo que se establece contacto con outras culturas, para así favorecer a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e facilitar a súa inserción laboral no contexto internacional.

### Destinatarios

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

### Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG ou nos centros asociados da UNED en Galicia.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1 punto. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota obtida polo/a alumno/a multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Cursar estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de primeiro ciclo, de primeiro e segundo ciclo, de só segundo ciclo, de terceiro ciclo (etapa de formación) ou un novo programa oficial de posgrao conducente ao título de máster.
- Ter superados, no momento de presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de primeiro ciclo ou 120 créditos en titulacións de primeiro e segundo ciclo. No caso de terceiro ciclo e programas oficiais de posgrao, ter superados os estudos da correspondente titulación que dea acceso a eles.
- Estar matriculado/a, nos planos de estudos estruturados por créditos, polo menos, en 50 créditos ou os que restan para adquirir a titulación.
- Realizar un curso de idiomas cunha duración mínima de dúas semanas e máxima de doce e un mínimo de quince horas lectivas semanais.

### Como solicitálas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

Ata un máximo de 2.230 euros

### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Axudas para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares

### Obxecto

Favorecer a participación e asistencia dos estudantes universitarios do Sistema Universitario de Galicia a congresos, simposios, seminarios ou similares nos que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto de estudo na titulación cursada.

### Destinatarios

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

### Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG ou nos centros asociados da UNED en Galicia no derradeiro curso dunha titulación de primeiro ciclo, no segundo ciclo de titulacións de ciclo longo, na etapa de formación do terceiro ciclo ou nun programa oficial de posgrao conducente ao título de máster.
- Atoparse matriculado/a, nos planos de estudos estruturados por créditos, polo menos, en 50 créditos ou nos que resten para adquirir a titulación.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1 punto. No caso de alumnado de ensinanzas técnicas, a nota obtida polo alumno ou alumna multiplicárase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
- Asistir a un congreso, seminario, simposio ou similar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que se están a realizar.
- Que as actividades teñan unha duración mínima de vinte e catro horas acreditadas pola entidade organizadora.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

Ata un máximo de 900 euros.

### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

### Obxecto

Favorecer novas oportunidades de formación e a incentivación do rendemento escolar

### Destinatarios

Alumnado universitario do SUG e dos centros asociados da UNED en Galicia.

### Requisitos

- Estar matriculado/a en calquera das universidades do SUG ou nos centros asociados da UNED en Galicia.
- Cursar estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de primeiro ciclo ou de primeiro e segundo ciclo.
- Ter concedida unha bolsa do Programa Erasmus ou do Goberno suízo.
- Non ter concedida unha destas bolsas en convocatorias anteriores.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

Ata un máximo de 2.500 euros.

### Publicación da convocatoria

DOG do 10 de decembro de 2007.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Bolsas complementarias para a mobilidade de estudantes en programas de intercambio con países extracomunitarios (Convenio de colaboración coas universidades do Sistema Universitario de Galicia)

### Obxecto

Brindarlle ao alumnado a oportunidade de integrarse nunha comunidade internacional e convivir nunha atmosfera multicultural, o que mellora a eficiencia formativa e lle permite aproveitar ao máximo as súas potencialidades.

### Destinatarios

Alumnado universitario.

**Requisitos**

- Determinaranos as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

**Como solicitalas**

- A través da convocatoria que publique calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

**Contía**

Sen determinar.

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

- Oficina de Relacións Exteriores da Universidade de Santiago de Compostela ([www.usc.es/ore](http://www.usc.es/ore))
- Oficina de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña ([www.udc.es/rrii](http://www.udc.es/rrii))
- Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo ([www.uvigo.es/ori](http://www.uvigo.es/ori))

**Bolsas complementarias para a realización de prácticas en empresas europeas – Programa Leonardo/Europracticum ou similares (Convenio de colaboración coas universidades do Sistema Universitario de Galicia)**

**Obxecto**

Favorecer a inserción laboral dos universitarios e universitarias.

**Destinatarios**

Alumnado universitario e titulados/as que acaben de licenciarse.

**Requisitos**

Determinaranos as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

**Como solicitalas**

- A través da convocatoria que publique calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

**Contía**

Sen determinar.

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Universidades do Sistema Universitario de Galicia.

### Obxecto

Iniciarse en tarefas de docencia e de investigación directamente vinculadas cos seus estudos.

### Destinatarios

Alumnado universitario.

### Requisitos

- Non estar en posesión ou disposición legal de obter o título académico de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.
- Matricularse no último curso dos seus estudos universitarios de primeiro e segundo ciclo en calquera das universidades do SUG.
- Posuír unha nota media simple igual ou superior a 1,80 puntos.
- Ser admitido nun departamento onde prestar a colaboración e presentar un proxecto de colaboración.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

350 euros mensuais.

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais de posgrao, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, conducentes ao título de máster

### Obxecto

Contribuír ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar conducente ao título de máster e favorecer a posta en marcha do proceso de harmonización do Sistema Universitario de Galicia co Espazo Europeo de Educación Superior.

### Destinatarios

Alumnado e titulados/as universitarios/as.

### Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou dun país membro da UE ou ser estranxeiro residente en España.
- Estar admitido nun dos programas oficiais de posgrao impartidos nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.
- Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,50 puntos nas áreas de ciencias experimentais e da saúde e ciencias sociais, xurídicas e humanidades. Na área de ensinanzas técnicas, esta nota deberá ser igual ou superior a 1 punto.
- Ter un título universitario oficial, ter cursados 180 créditos ECTS ou ter superado tres anos de estudo e un mínimo de 180 créditos dos plans de estudos actuais, sempre que se teña aprobada toda a troncaldade do primeiro ciclo actual de estudos universitarios oficiais.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

600 euros mensuais + 500 euros en concepto de axuda á matrícula + cobertura social a través da concertación dun seguro privado.

### Publicación da convocatoria

Segundo semestre de cada ano.

### Información

Servizo de Coordinación do Sistema Universitario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Bolsas para a realización do segundo ano dos estudos oficiais de posgrao, nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, conducentes ao título de máster

### Obxecto

Contribuír ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar conducente ao título de máster e favorecer a posta en marcha do proceso de harmonización do Sistema Universitario de Galicia co Espazo Europeo de Educación Superior.

### Destinatarios

Alumnado que resultou beneficiario dunha bolsa de Master de nova adxudicación concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Requisitos

- Ser beneficiario dunha bolsa de Máster, modalidade nova adxudicación, concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Xustificar un axeitado aproveitamento académico.
- Estar matriculado no segundo ano do bienio de estudos do máster impartido nas universidades de Galicia.

### Como solicitalas

- Convócase no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

600 euros mensuais + 500 euros en concepto de axuda á matrícula co primeiro pagamento da axuda + cobertura social a través da concertación dun seguro privado.

### Publicación da convocatoria

Segundo semestre de cada ano.

### Información

Servizo de Coordinación do Sistema Universitario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia

### Obxecto

Contribuír ao financiamento dos estudos de terceiro ciclo daquel alumnado que, en función da súa capacitación, poida converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores/as, o que favorece a posta en marcha do proceso de harmonización do Sistema Universitario de Galicia co Espazo Europeo de Educación Superior.

### Destinatarios

Titulados universitarios e universitarias.

### Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou dun país membro da UE ou estranxeiro residente en España.
- Ter aprobadas todas as disciplinas requiridas para a obtención do título de licenciado, enxeñeiro superior ou arquitecto, incluído o proxecto fin de carreira, se o houbese.
- Estar admitido nun programa de terceiro ciclo impartido nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo.
- Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,50 puntos en estudos de ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e de humanidades. En estudos de ensinanza técnica, esta nota deberá ser igual ou superior a 1,00 punto.

- Estar integrado/a nun grupo de investigación dun centro público de investigación da comunidade autónoma para realizar actividades complementarias de formación.

### Como solicitálas

- Convócase no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

600 euros mensuais + 380 euros en concepto de axuda á matrícula + cobertura social a través da concertación dun seguro privado.

### Publicación da convocatoria

Segundo semestre de cada ano.

### Información

Servizo de Coordinación do Sistema Universitario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Bolsas para a realización do segundo ano dos estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia.

### Obxecto

Contribuír ao financiamento dos estudos de terceiro ciclo daquel alumnado que poidan converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores/as a través da realización da tese de doutoramento.

### Destinatarios

Alumnado que resultou beneficiario dunha bolsa de terceiro ciclo de nova adxudicación concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Requisitos

- Ser beneficiario dunha bolsa de terceiro ciclo, modalidade nova adxudicación, concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no curso anterior.
- Xustificar un axeitado aproveitamento académico.
- Estar matriculado no segundo ano do bienio de estudos do terceiro ciclo impartido nas universidades de Galicia.

### Como solicitálas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Contía**

700 euros mensuais + 325 euros en concepto de axuda á matrícula + cobertura social a través da concertación dun seguro privado.

**Publicación da convocatoria**

Segundo semestre de cada ano.

**Información**

Servizo de Coordinación do Sistema Universitario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Créditos aos estudantes universitarios

**Obxecto**

Facilitarlles aos estudantes créditos bancarios con baixos xuros para o financiamento dos seus estudos universitarios.

**Destinatarios**

Alumnado universitario.

**Requisitos**

- Estar matriculado nalguna universidade en estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de primeiro ciclo, primeiro e segundo ciclo, de terceiro ciclo (etapa de formación) e programas oficias de posgrao (POP).
- Ter superado, no momento da presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de primeiro ciclo, 120 créditos en titulacións de primeiro e segundo ciclo e, no caso de terceiro ciclo e POP, ter superados os estudos completos da titulación.

**Como solicitalos**

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Contía**

- Alumnado do SUG con residencia en Galicia: máximo 3.000 euros.
- Alumnado do SUG con residencia fóra de Galicia e alumnado con residencia nesta comunidade autónoma, pero que cursa os estudos fóra dela: máximo 6.000 euros.

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Axudas a asociacións de estudantes universitarios

### Obxecto

Estimular o asociacionismo no ámbito universitario, así como prestar apoio ás actividades de carácter formativo e científico organizadas polas asociacións de estudantes deste nivel de ensino como un modo de potenciar o dinamismo da universidade e o papel activo do alumnado.

### Destinatarios

Asociacións de estudantes do Sistema Universitario de Galicia.

### Requisitos

- Acreditar que, a asociación, está dada de alta como asociación de estudantes no rexistro dunha das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Estar constituída por estudantes en activo e non ter ánimo de lucro.
- Realizar as diferentes accións que se fixan nas bases da convocatoria.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

Ata un máximo de 3.000 euros.

### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia .

## Premios de excelencia académica para o alumnado que inicie estudos universitarios no Sistema Universitario de Galicia

### Obxecto

Iniciar e proseguir a súa formación universitaria no Sistema Universitario de Galicia desenvolvendo ao máximo o seu potencial intelectual, adquirindo novos coñecementos e destrezas que o capaciten para incorporarse ao mundo laboral nas mellores condicións posibles ou realizar tarefas de investigación que redunden no progreso de Galicia.

### Destinatarios

Alumnado que inicie estudos universitarios.

### Requisitos

- Posuír a nacionalidade española, ter nacionalidade dun dos estados membros da Unión Europea ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Matricularse no primeiro curso dunha titulación universitaria de carácter oficial e validez nacional en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- Ter un bo expediente académico

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

3.000 euros e diploma.

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

## Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia

### Obxecto

Facer un recoñecemento expreso da excelencia académica daqueles estudantes matriculados en calquera dos centros pertencentes a algunha das tres universidades que compoñen o Sistema Universitario de Galicia.

### Destinatarios

Titulados/as universitarios/as.

### Requisitos

- Posuír a nacionalidade española ou ter nacionalidade dun dos estados membros da Unión Europea.
- Para alumnado das áreas de ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas e humanidades, ter unha puntuación media no seu expediente académico igual ou superior a 2,7 puntos. Para alumnado da área de ensinanza técnica, unha puntuación media superior a 2 puntos.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Contía**

3.500 euros e diploma.

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

### Bolsas para iniciar estudos universitarios

#### Obxecto

Coñecer, ao rematar os seus estudos de bacharelato ou de FP, se reúnen as condicións para obter a bolsa do Ministerio de Educación e Ciencia antes de realizar a súa preinscrición na universidade.

#### Destinatarios

Alumnado que comence por primeira vez o primeiro ciclo de estudos conducentes ao título oficial de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico con validez en todo o territorio nacional.

#### Requisitos

Cumprir os requisitos de carácter económico e académico esixidos na convocatoria.

#### Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Cumprimentar o modelo que aparece na páxina web [www.mec.es/becas](http://www.mec.es/becas) segundo as instrucións que nel figuran.
- Unha vez cumprimentado dito modelo de solicitude en pdf presentar, acompañado da documentación que se esixe na convocatoria, no centro docente no que o/a alumno/a está matriculado/a no actual curso 2007-2008.

#### Contía

A fixada na propia convocatoria.

#### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

#### Información

Centro actual de estudos ou sección de bolsas de cada universidade.

### Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para alumnos que cursen estudos na súa Comunidade Autónoma

#### Obxecto

Mellorar a eficiencia educativa e garantir o principio de igualdade de oportunidades, de xeito que, por razóns económicas, ninguén quede fóra da universidade.

#### Destinatarios

- Universitarios/as que cursen estudos na súa propia comunidade autónoma.

- Alumnado de másteres oficiais regulados nos Reais decretos 55/2005 e 56/2005, ambos de 21 de xaneiro.

### Requisitos

- Cursar os estudos correspondentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cumprir os requisitos xerais e de carácter económico e académico esixidos na convocatoria.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Adquirirase o impreso nos estancos ou a través da web [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.
- Entregarase na sección de bolsas da universidade onde o/a alumno/a cursa os seus estudos.

### Contñas

Curso 2006/2007

Tipos de axudas	Ciclos formativos de grao superior dun curso máis prácticas	Estudos universitarios, ensinanza artística superior e outros estudos superiores	Ciclos formativos de grao superior	Outros estudos
Axuda compensatoria	2.515 euros	2.255 euros	1.811 euros	1.347 euros
Desprazamento	De 5 a 10 km .....177 euros De 10 a 30 km .....357 euros De 30 a 50 km .....706 euros De máis de 50 km .....867 euros			
Transporte urbano	Ata 171 euros			
Residencia fóra do domicilio familiar	2.774 euros	2.364 euros		
Axudas libros e material escolar	150 euros	224 euros	213 euros	150 euros
Matriculación gratuita		Polo custo da matrícula		
Proxecto fin de carreira		503 euros		

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

Sección de bolsas de cada universidade.

## Convocatoria de Bolsas de Mobilidade para o alumnado universitario, de ensinanzas artísticas superiores e doutros estudos superiores que cursen estudos fóra da súa Comunidade Autónoma

### Obxecto

Establecer un sistema de bolsas e axudas ao estudo que lle permita facer uso da mobilidade a calquera estudante universitario ou de estudos superiores con independencia do seu nivel de renda familiar.

### Destinatarios

- Estudantes universitarios/as de primeiro e segundo ciclo e de másteres universitarios oficiais.
- Alumnado de ensinanzas artísticas superiores
- Alumnado de estudos relixiosos superiores.

### Requisitos

- Cursar estudos universitarios ou superiores nunha comunidade autónoma diferente á do seu domicilio familiar.
- Cumprir os requisitos xerais e de carácter económico e académico esixidos na convocatoria.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Adquirirase o impreso nos estancos ou na web [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.
- Entregarase na sección de bolsas da universidade onde o alumno/a cursa os seus estudos (universitarios) ou no centro docente no que alumno/a está matriculado/a (non universitarios).

### Contías

<b>Modalidade de bolsa</b>	<b>Contías</b>
Xeral de mobilidade con residencia	3.171 euros
Especial de mobilidade con residencia	5.351 euros
Xeral de mobilidade sen residencia	1.592 euros
Especial de mobilidade sen residencia	3.772 euros

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

- Alumnado universitario: sección de bolsas de cada universidade.
- Alumnado non universitario: unidades de bolsas das direccións provinciais do Ministerio de Educación e Ciencia de Ceuta e Melilla ou órganos equivalentes das comunidades autónomas.

## Axudas para cursos de lingua inglesa, francesa ou alemá no estranxeiro

### Obxecto

Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua inglesa, francesa ou alemá dos estudantes non universitarios e universitarias.

### Destinatarios

- Mocidade entre 18 e 30 anos
- Alumnado que realice estudos universitarios.
- Estudantes de ensinanzas artísticas superiores.

### Requisitos

- Ser bolseiro dalgunha das convocatorias xerais anuais do Ministerio de Educación e Ciencia: inicio estudos universitarios, convocatoria xeral e de mobilidade.
- Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas convocatorias.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Fotocopiaranse os modelos de impresos que se publican como anexos nas respectivas ordes de convocatoria ou imprimíranse os modelos que aparecen na páxina web [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubríranse segundo as instrucións que neles figuran.
- Enviarase o modelo de solicitude, conxuntamente coa documentación correspondente, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (convocatorias especiais) do Ministerio de Educación e Ciencia.

### Contía

Mocidade entre 18 e 30 anos, alumnado universitario e de ensinanzas artísticas superiores: 1.650 euros.

### Publicación das convocatorias

BOE 19 de febreiro de 2008.

### Información

Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (convocatorias especiais) do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Programa de axudas para a mobilidade de estudantes universitarios Séneca

### Obxecto

Facilitarlles axudas económicas aos estudantes universitarios para cubrir os gastos de desprazamento e estadia durante o período de estudos noutra universidade.

### Destinatarios

Alumnado universitario.

### Requisitos

- Estar matriculado nunha universidade española cursando estudos de só primeiro ciclo, de primeiro e segundo ciclo, só segundo ciclo ou realizar un proxecto fin de carreira establecido nos plans de estudos universitarios oficialmente recoñecidos.
- Obter unha praza na convocatoria SICUE.
- Ter superado, na universidade de orixe, un número mínimo de créditos ou materias.
- Posuír unha nota media no expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos para as titulacións de humanidades, ciencias sociais e xurídicas, ciencias experimentais e ciencias da saúde, e a 1,20 para as titulacións técnicas.

### Como solicitálas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece no seguinte enderezo [www.mec.es/univ/](http://www.mec.es/univ/) e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.
- Entregarase o modelo de solicitude, conxuntamente coa documentación correspondente, no rexistro xeral da universidade onde cursa os seus estudos.

### Contía

500 euros mensuais + unha axuda única de viaxe de 120 euros.

### Publicación da convocatoria

Primeiro trimestre de cada ano.

### Información

- Universidades de Santiago de Compostela, Coruña e Vigo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Subdirección Xeral de Formación e Mobilidade en Posgrado e Posdoutorado da Dirección Xeral de Universidades no Ministerio de Educación e Ciencia.

## Bolsa colaboración

### Obxecto

Facilitar que o alumnado do último curso de estudos universitarios preste a súa colaboración en distintos departamentos, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

### Destinatarios

Alumnado universitarios.

### Requisitos

- Ter superado o primeiro ciclo e un número mínimo de créditos ou materias do segundo ciclo.
- Posuír un bo expediente académico.
- Matricularse en ensinanza oficial da totalidade das materias ou créditos que resten para rematar os estudos.

- Presentar un proxecto de colaboración avalado e puntuado polo consello do departamento no que este se desenvolva.

### Como solicitálas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Fotocopiarase o modelo de impreso que se publica como anexo na orde de convocatoria ou imprimírase o modelo que aparece no seguinte enderezo [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubriase segundo as instrucións que nel figuran.
- Presentarase o modelo de solicitude, conxuntamente coa documentación correspondente, na sección de bolsas onde o/a alumno/a estea cursando os seus estudos universitarios.

### Contía

2.550 euros.

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

Sección de Bolsas das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

## Aula de verán Ortega y Gasset da Universidade internacional Menéndez Pelayo

### Obxecto

Orientar e estimular aos estudantes novos cos mellores expedientes académicos que vaian comezar unha carreira universitaria.

### Destinatarios

Alumnado de bacharelato e de ciclos formativos de grao superior.

### Requisitos

- Rematar os seus estudos non universitarios no ano 2008.
- Acreditar unha nota media igual ou superior a 9,30 puntos sobre 10 nos ciclos formativos de grao superior e nos dous cursos de bacharelato do vixente plan de estudos.

### Como solicitálas

- Convócase no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimírase o modelo que aparece nas páxinas web [www.mec.es/univ/](http://www.mec.es/univ/) ou [www.uimp.es](http://www.uimp.es), cubrirase segundo as instrucións que nel figuran e remitírase, conxuntamente coa documentación correspondente, á Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

### Contía

A fixada na propia convocatoria.

**Publicación**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo

**Obxecto**

Practicar de forma intensiva, a través dun curso de inmersión en lingua inglesa, a destreza oral e comunicativa.

**Destinatarios**

Alumnado bolseiro MEC

**Requisitos**

- Ser menor de 30 anos.
- Acreditar un nivel intermedio ou avanzado de coñecemento da lingua inglesa.
- Ter obtido ou ter a condición de bolseiro para cursar estudos universitarios ou de ensinanza artística superior en algunha das convocatorias xerais anuais do Ministerio de Educación e Ciencia: inicio estudos universitarios, convocatoria xeral e de mobilidade.

**Como solicitalas**

- Convócase no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece nas páxinas web [www.mec.es](http://www.mec.es) a través dos seguintes enlaces: "*becas, ayudas y premios / educacion / cursos idiomas*", cubrirase segundo as instrucións que nel figuran e remitirase, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia.

**Contía**

A fixada na propia convocatoria.

**Publicación**

Último trimestre de cada ano.

**Información**

Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia e Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

## Préstamos para estudantes universitarios

### Obxecto

Facilitarlles aos estudantes a finalización dos seus estudos universitarios oficiais permitíndolles a súa mellor incorporación ao mercado laboral.

### Destinatarios

Alumnado universitario.

### Requisitos

- Posuír a nacionalidade española, ter a nacionalidade dun dos estados membro da Unión Europea ou ser estranxeiro residente en España.
- Estar matriculado nunha universidade española, pública ou privada, legalmente recoñecida para cursar estudos universitarios oficiais de licenciatura, enxeñería, arquitectura, diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

### Como solicitalos

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece na páxina web da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación ([www.univ.mec.es/universidades/peu](http://www.univ.mec.es/universidades/peu)) e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.
- Presentarase unha copia do modelo de solicitude, unha vez selada pola entidade bancaria, na propia entidade e outra remitirase á Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

### Contía

Mínima de 3.000 euros e máxima de 9.000 euros por alumno/a.

### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

### Información

Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Préstamos renda

### Obxecto

Financiar o custo dos estudos de máster universitario e facilitarlles unha renda mensual ao alumnado que o desexe.

### Destinatarios

Titulados universitarios.

**Requisitos**

- Posuír a nacionalidade española, ter a nacionalidade dun dos estados membro da Unión Europea ou ser estranxeiro residente en España.
- Ter rematado os seus estudos universitarios
- Atoparse aceptado, preinscrito ou matriculado nun máster universitario oficial en España ou nun país do EEE de alomenos 60 créditos ECTS no curso 2007-2008.

**Como solicitálas**

A través da aplicación informática habilitada na páxina web [www.mec.es/universidades/pru](http://www.mec.es/universidades/pru)

**Contía**

Pagamento inicial de ata 6.000 euros + renda mensual de 800 euros ata un máximo de 21 meses.

**Publicación da convocatoria**

BOE do 13 de xuño de 2007.

**Información**

Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Axudas a asociacións xuvenís e a federacións e confederacións de estudantes no ámbito universitario

**Obxecto**

Financiar os gastos derivados do desenvolvemento de actividades formativas, culturais e científicas realizadas por asociacións xuvenís e federacións e confederacións de estudantes no ámbito universitario, así como de fomento da participación de ditas entidades na vida universitaria.

**Destinatarios**

Asociacións xuvenís e federacións e confederacións de estudantes de ámbito nacional.

**Requisitos**

- Ser unha asociación xuvenil, unha federación ou confederación de estudantes de ámbito nacional, que teña como campo de actuación a universidade e cuxa finalidade sexa participar na vida universitaria.
- Cumprir os demais requisitos fixados na convocatoria.

**Como solicitálas**

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece como anexo no BOE e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.

- Presentarase o modelo de solicitude, conxuntamente coa documentación correspondente, no rexistro xeral da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia.

### **Contía**

Sen determinar.

### **Publicación da convocatoria**

Primeiro trimestre de cada ano.

### **Información**

Secretaría de Estado de Universidades e Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia.

## **Premios nacionais**

### **Premios fin de carreira de educación universitaria**

#### **Obxecto**

Recoñecer os méritos do alumnado máis destacado nas distintas titulacións universitarias oficiais.

#### **Destinatarios**

Titulados/as universitarios/as.

#### **Requisitos**

- Rematar os estudos universitarios no ano da convocatoria.
- Posuír un bo expediente académico.

#### **Como solicitalos**

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Fotocopiarase o modelo de solicitude que se publica como anexo na orde de convocatoria.
- Enviarase, conxuntamente coa documentación correspondente, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia.

#### **Contía**

- Primeiro premio: 3.300 euros.
- Segundo premio: 2.650 euros.
- Terceiro premio: 2.200 euros.

#### **Publicación da convocatoria**

Último trimestre de cada ano.

## Información

Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (convocatorias especiais) do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Programas de prácticas en empresas

### Bolsas Faro

#### Obxecto

Facilitar a transición do ensino á vida profesional a través da realización de prácticas en empresas europeas.

#### Destinatarios

Alumnado universitario.

#### Requisitos

- Ser estudante de últimos cursos de calquera titulación universitaria oficial.
- Non ter disfrutado dunha bolsa Leonardo.

#### Como solicitalas

Rexistrarse na páxina web [www.becasfaro.net](http://www.becasfaro.net), insírese o seu curriculum e cumprimentar todos os datos que se requiren.

#### Contía

Sen determinar.

#### Publicación da convocatoria e información

[www.becasfaro.net](http://www.becasfaro.net)

### Bolsas Argo

#### Obxecto

Realizar prácticas en empresas europeas.

#### Destinatarios

Titulados/as universitarios/as.

#### Requisitos

Posuír unha titulación universitaria oficial en calquera das universidades de España.

#### Como solicitalas

Rexistrarse na páxina web [www.becasargo.net](http://www.becasargo.net), insertar o seu curriculum e cumprimentar todos os datos que se requiren.

**Contía**

540 euros/mes + viaxe de ida e volta + seguro de accidentes, responsabilidade civil e asistencia na viaxe.

**Publicación da convocatoria e información**

[www.becasargo.net](http://www.becasargo.net)

**Bolsas Integrants****Obxecto**

Adquirir unha primeira experiencia profesional e realizar prácticas formativas en empresas de Estados Unidos e Canadá.

**Destinatarios**

Titulados/as universitarios/as.

**Requisitos**

- Posuír unha titulación universitaria oficial en calquera das universidades de España.
- Alto nivel de inglés ou francés.
- Non ter tido experiencia laboral previa, relacionada coa súa titulación.

**Como solicitalas**

- Rexistrarse na páxina web [www.becasargo.net](http://www.becasargo.net), insertar o seu curriculum e cumprimentar todos os datos que se requiren.

**Contía**

1.300 euros/mes+ viaxe de ida e volta ata un máximo de 1.100 euros+ seguro.

**Publicación da convocatoria e información**

[www.integrants.es](http://www.integrants.es)

### 3. Outras convocatorias de interese:

Bolsas para a realización de estudos de terceiro ciclo (etapa de formación) e para a realización de estudos universitarios oficiais de posgrao destinadas ás persoas de orixe galega residentes no estranxeiro e aos seus descendentes.

Organizadas por: Secretaría Xeral de Emigración.

#### Obxecto

Axudar a sufragar os gastos derivados da realización de estudos de terceiro ciclo (etapa de formación) así como da realización de estudos universitarios oficiais de posgrao que conducen á obtención do título de máster (POP)

#### Destinatarios

Alumnado universitario

#### Requisitos

- Ser galego/a, fillo/a ou neto/a de galegos con residencia no estranxeiro.
- Estar admitido/a no curso 2008-2009 nun programa de terceiro ciclo ou nun dos programas oficiais de posgrao impartidos nas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

#### Como solicitalas

- Convócanse no *Diario Oficial de Galicia*.
- Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación esixida, presentarse no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración. Se a solicitude é subscrita no estranxeiro poderá cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

#### Contía

Axuda máxima de 6.000 euros, a maiores o alumnado que acredite residencia no estranxeiro asinaráselle unha axuda para sufragar os gastos da viaxe que será de 350 euros se reside en países europeos e 1.000 euros se residen no resto de países.

#### Publicación da convocatoria

Segundo trimestre de cada ano.

#### Información

Servizo de tramitación de axudas aos centros e comunidades galegas da Secretaría Xeral de Emigración.

## Solicitude de prazas para colaboradores-bolseiros en residencias xuvenís dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e o Benestar

Organizadas por Vicepresidencia da igualdade e o benestar

### Obxecto

Convocar prazas de colaboradores-bolseiros nas residencias xuvenís dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

### Destinatarios

Alumnado de ciclos formativos de grao superior e universitario.

### Requisitos

- Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data de presentación da solicitude.
- Estar cursando estudos nun ciclo formativo de grao superior ou estudos universitarios.

### Como solicitalas

Convócanse anualmente no *Diario Oficial de Galicia*.

### Contía

A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil durante os doce meses do ano.

### Publicación da convocatoria

Segundo semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

### Información

- Complexo Residencial Xuvenil LUG (Lugo).
- Residencia xuvenil "F.L. Cuevillas" (Ourense).
- Residencia xuvenil "Altamar" (Vigo).
- Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

### 1. Bolsas, axudas e premios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### Solicitud de prazas en centros residencias docentes

##### Obxecto

Son centros que ofrecen prazas e axudas de residencia para cursar ciclos formativos superiores, ciclos formativos medios e bacharelatos, cando na localidade do alumnado, ou nunha localidade próxima, non houbera un centro sostido con fondos públicos que imparta os devanditos estudos. Con carácter particular, e documentalmente acreditado, poderanse ter en conta outras circunstancias para a concesión destas prazas, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares graves.

##### Destinatarios

Alumnado que inicie algún dos estudos mencionados anteriormente.

##### Requisitos

- Reunir os requisitos esixidos pola lexislación académica para acceder ó curso que se solicite.
- Acreditar a circunstancia de non poder cursar os estudos solicitados por non haber un centro sostido con fondos públicos que imparta ditos estudos, ben na localidade de residencia ou nunha localidade próxima que permita, cos medios de comunicación da zona, un acceso diario con facilidade.
- Outras circunstancias, como condicións de orfandade, fillo de emigrantes ou situacións familiares moi graves.

##### Como solicitalas

A solicitude presentarse no centro residencial docente para o que se solicita a praza.

##### Contía

Está en función da renda familiar, composición do grupo familiar, condición de orfandade, outras condicións familiares e número de habitantes do lugar da residencia familiar.

##### Publicación da convocatoria

Convócanse no *Diario Oficial de Galicia* no primeiro semestre de cada ano.

##### Información

CRD A Coruña <http://centros.edu.xunta.es/credocoruna>

CRD Ourense <http://centros.edu.xunta.es/credodeourense>

CRD Vigo <http://centros.edu.xunta.es/credovigo>.

Centro de estudos ou na web [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es).

## Bolsas para a formación práctica en centros de traballo (FCT)

### Obxecto

Axudar economicamente ao alumnado para a realización do módulo de formación práctica en centros de traballo (FCT).

### Destinatarios

Alumnos do derradeiro curso de: - ciclos de grao medio ou superior de formación profesional; - ciclos de grao medio ou superior de artes plásticas e deseño; - módulo profesional de nivel II; - programa de garantía social.

### Requisitos

Estar matriculado no derradeiro curso nalgún centro público ou privado con estas ensinanzas concertadas da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Como solicitalas

Cubrirase a solicitude e, xunto co resto da documentación requirida, presentarase no centro de estudos onde o alumnado estea ou estivera matriculado no momento de realizar a FCT.

### Contía

Determinarase en función do número de xornadas formativas que lle corresponda realizar.

### Publicación da convocatoria

Publícanse anualmente no *Diario Oficial de Galicia*.

### Información

Centro de estudos ou na web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

Axuda a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorecer a aprendizaxe activa das linguas.

### Obxecto

Favorecer a aprendizaxe activa das linguas.

### Destinatarios

Alumnado e profesorado de ensinanzas non universitarias, agás os de educación infantil.

### Requisitos

- Alumnado: estar matriculado nun centro de ensinanzas non universitarias, agás en educación infantil.
- Profesorado: estar en servizo activo nun centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ter tres anos de antigüidade como funcionario/a de carreira.

- Que o centro non recibira ningunha axuda para o mesmo proxecto.
- Que o proxecto estea integrado na programación anual do centro.

### Como solicitalas

Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarase no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Contía

No convocatoria anterior foi a seguinte:

- Intercambios lingüísticos:  
alumnos: máximo 470 euros.  
profesores: máximo 650 euros
- Intercambio de profesores: máximo 1375 euros.

Consultar convocatoria deste ano

### Publicación da convocatoria

No *Diario Oficial de Galicia*.

### Información

Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Servizo de Xestión Económica e Educación de adultos

Teléfono: 981546545

Correo electrónico: programa.europeos@edu.xunta.es

**Axudas para alumnos e profesores de formación profesional de centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, que participen en estadias en empresas de ámbito transnacional.**

### Obxecto

Favorecer o aumento das competencias lingüísticas e profesionais.

### Destinatarios

Alumnado e profesorado de ciclos formativos.

### Requisitos

- Alumnado: estar matriculado en ciclos formativos de formación profesional en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Profesorado: estar en servizo activo nun centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Que o centro non recibira ningunha axuda para o mesmo proxecto.
- Que o proxecto estea integrado na programación anual do centro

**Como solicitalas**

Cubrirase a solicitude e, acompañada da documentación que se esixe, presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**Contía**

- Visita preparatoria: máximo 1350 euros.
- Prácticas en empresas por alumno: máximo 2.075 euros.
- Prácticas en empresa por profesor: máximo 1.375 euros.

**Publicación da convocatoria**

Convócanse anualmente no *Diario Oficial de Galicia*.

**Información**

Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Servizo de Xestión Económica e Educación de adultos.

Teléfono: 981546545

Correo electrónico: programa.europeos@edu.xunta.es

**Premios extraordinarios de Formación Profesional.****Obxecto**

Recoñecer a traxectoria extraordinaria do alumnado que remata os estudos de formación profesional de grao superior. A convocatoria consta de dúas fases. Na primeira decídense os premios extraordinarios no nivel de cada comunidade autónoma. As persoas premiadas pódense presentar á segunda fase, en que se deciden os premios nacionais.

**Destinatarios**

Alumnado do derradeiro curso de ciclos formativos de grao superior.

**Requisitos**

- Ter rematado os estudos de formación profesional de grao superior no curso actual.
- Obter como cualificación final de todos os módulos cursados unha puntuación igual ou superior a 8,5.

**Como solicitalas**

Formalizarse a inscrición, acompañada da documentación que se esixe, na secretaría do instituto de educación secundaria onde o alumno ou alumna estea matriculado.

**Contía**

No ano 2006-07 a contía foi a seguinte:

- Máximo de 730 euros por premio a nivel de comunidade autónoma.
- 1.200 euros de obter o premio nacional.

Consultar convocatoria deste ano.

## Publicación da convocatoria

Segundo semestre de cada ano no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*.

## Información

Centro de estudos ou na web [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es). Subdirección Xeral de Inspección, avaliación e calidade do sistema educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (Servizo de Actividades de Alumnos) do Ministerio de Educación e Ciencia.

## 2. Bolsas, axudas e premios do Ministerio de Educación e Ciencia

Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para alumnos que cursen estudos na súa comunidade autónoma.

### Obxecto

Mellorar a eficiencia educativa e garantir o principio de igualdade de oportunidades, de xeito que, por razóns económicas, ninguén quede fóra do sistema educativo.

### Destinatarios

- Alumnado de ciclos formativos de grado medio e superior e de bacharelato.
- Estudantes dos graos elementais e medios de música e danza, ciclos formativos de grao medio e superior de artes plásticas e deseño.
- Alumnado de ensinanzas de arte dramática, de restauración e conservación de bens culturais.
- Alumnado de estudos superiores de música e de danza, de deseño e de artes plásticas.

### Requisitos

- Cursar os estudos correspondentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cumprir os requisitos económicos e académicos esixidos na convocatoria.

### Como solicitalas

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Adquirirase o impreso nos estancos ou a través da web [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubrirase segundo as instrucións que nel figuran.
- Entregarase no centro docente no que o alumnado está matriculado.

### Contías

Curso 2006/2007

Tipos de axudas	Ciclos formativos de grao superior dun curso máis prácticas	Estudios universitarios, ensinanzas artísticas superiores e outros estudos superiores	Ciclos formativos de grao superior	Outros estudos
Axuda compensatoria	2.515 euros	2.255 euros	1.811 euros	1.347 euros
Desprazamento	De 5 a 10 km .....177 euros De 10 a 30 km .....357 euros De 30 a 50 km .....706 euros De máis de 50 km .....867 euros			
Transporte urbano	Ata 171 euros			
Residencia fóra do domicilio familiar	2.774 euros	2.364 euros		
Axudas libros e material escolar	150 euros	224 euros	213 euros	150 euros
Matrícula gratuíta		Polo custo da matrícula		
Proxecto fin de carreira		503 euros		

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Nos centros de estudos e nos servizos de recursos educativos complementarios das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

## Estadías en empresas no estranxeiro para realizar o módulo de formación en centros de traballo (FCT) no marco do Programa Erasmus.

**Obxecto**

A partir do ano 2007 os estudantes dos ciclos formativos de Grao Superior poderán realizar mobilidades dentro do Programa Erasmus.

**Información**

Programas Europeos.

Dirección xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Servizo de Xestión Económica e Educación de adultos.

Teléfono: 981546545

Correo electrónico: programa.europeos@edu.xunta.es

## Aula de verán Ortega y Gasset da Universidade internacional Menéndez Pelayo.

**Obxecto**

Orientar e estimular os estudantes novos cos mellores expedientes académicos que vaian comezar unha carreira universitaria.

**Destinatarios**

Alumnado de ciclos formativos de grao superior e bacharelato.

**Requisitos**

- Rematar os seus estudos non universitarios no ano 2008.
- Acreditar unha nota media igual ou superior a 9,30 puntos sobre 10 nos ciclos formativos de grao superior e nos dous cursos de bacharelato do vixente plan de estudos.

**Como solicitalas**

- Convócanse no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece nas páxinas web [www.mec.es/univ/](http://www.mec.es/univ/) ou [www.uimp.es](http://www.uimp.es), cubrirase segundo as instrucións que nel figuran e remitirase, conxuntamente coa documentación correspondente, á Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

**Contía**

A fixada na propia convocatoria.

**Publicación da convocatoria**

Segundo trimestre de cada ano.

**Información**

Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Axudas para cursos de idiomas de lingua inglesa, francesa ou alemá para alumnado de ciclos formativos de Grao Superior.

**Obxecto**

Favorecer a aprendizaxe e o perfeccionamento da lingua inglesa, francesa ou alemá dos estudantes dos ciclos superiores.

**Destinatarios**

Alumnado de ciclos formativos de grao superior.

**Requisitos**

- Estar cursando un ciclo formativo de Grao Superior no presente curso escolar.
- Ter a condición de becario na convocatoria xeral do Ministerio de Educación e Ciencia.
- Acreditar ter aprobado totalmente o curso inmediatamente anterior

**Como solicitalas**

- Fotocopiaranse os modelos de impresos que se publican como anexos nas respectivas ordes de convocatoria ou imprimíranse os modelos que aparecen na páxina web [www.mec.es](http://www.mec.es) e cubríranse segundo as instrucións que neles figuran.
- Enviarase o modelo de solicitude, conxuntamente coa documentación correspondente, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (convocatorias especiais) do Ministerio de Educación e Ciencia.

**Contía**

Consultar convocatoria.

**Publicación da convocatoria**

Entre xaneiro e marzo no BOE.

**Información**

Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa (convocatorias especiais) do Ministerio de Educación e Ciencia.

## Axudas para participar en cursos de inmersión en lingua inglesa organizados pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo

235

### Obxecto

Practicar de forma intensiva, a través dun curso de inmersión en lingua inglesa, a destreza oral e comunicativa.

### Destinatarios

Alumnado bolseiro MEC.

### Requisitos

- Ser menor de 30 anos.
- Acreditar un nivel intermedio ou avanzado de coñecemento da lingua inglesa.
- Ter obtido ou ter a condición de bolseiro para cursar estudos universitarios ou de ensinanzas artísticas superiores nalgunha das convocatorias xerais anuais do Ministerio de Educación e Ciencia: inicio estudos universitarios, convocatoria xeral e de mobilidade.

### Como solicitalas

- Convócase no *Boletín Oficial do Estado*.
- Imprimirase o modelo que aparece nas páxinas web [www.mec.es](http://www.mec.es) a través dos seguintes enlaces: "*becas, ayudas y premios / educacion / cursos idiomas*", cubrirase segundo as instrucións que nel figuran e remitirase, á Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia.

### Contía

A fixada na propia convocatoria.

### Publicación

Último trimestre de cada ano.

### Información

Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa do Ministerio de Educación e Ciencia e Universidade Internacional Menéndez Pelayo.



### 3. Outras convocatorias de interese

#### Bolsa para o acceso á vivenda en réxime de aluguer para estudantes de ciclos formativos de formación profesional inicial.

Organizadas por Consellería de Vivenda e Solo

##### Obxecto

A Consellería de Vivenda e Solo puxo en marcha no curso 2007-2008 unha nova liña de axuda, denominada bono-vivenda, cuxa finalidade é conceder unha axuda para financiar os gastos derivados do alugueiro da vivenda por parte de estudantes de ciclos formativos da formación profesional inicial.

##### Destinatarios

Estudantes que cursaran ciclos formativos de grao medio ou superior de formación profesional inicial en centros públicos e que teñan que desprazarse desde o seu domicilio familiar ao centro de ensino máis de 60 quilómetros.

##### Requisitos

Para poder beneficiarse desta axuda deberánse acreditar as seguintes circunstancias:

- Ter empadramento durante os últimos dous anos nunha localidade que diste máis de 60 quilómetros do centro de ensino.
- Ter aprobadas todas as materias ou módulos do curso anterior na convocatoria de xuño ou setembro.
- Os ingresos da unidade familiar non deben superar os 20.000 euros. E no caso de que o solicitante sexa maior de idade, non dependa dunha unidade familiar e teña ingresos propios estes non poderán ser inferiores a 4.000 euros nin superiores aos 20.000 euros.
- Ter feita a matrícula para un curso completo de ciclo formativo de formación profesional polo réxime ordinario para o presente curso, nalgún centro público da Comunidade Autónoma galega e non dispor de praza nun centro máis próximo ao seu domicilio familiar.
- Non estar matriculado/a só no módulo de formación en centros de traballo.
- Non ter praza nun centro residencial docente.
- Asinar o contrato de arrendamento de vivenda ou de tempada.

##### Como solicitalas

Presentando a solicitude debidamente cuberta, empregando o modelo normalizado que se inclúe, dirixida á Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda. Preferentemente se presentará no rexistro central da Consellería de Vivenda e Solo en Santiago de Compostela.

##### Información

Pode obter máis información nos servizos centrais da Consellería de Vivenda e Solo, na páxina web [www.conselleriavivenda.xunta.es](http://www.conselleriavivenda.xunta.es) e no número de teléfono 981-541982.

## Solicitud de prazas para colaboradores-bolseiros en residencias xuvenís dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e o Benestar

Organizadas por Vicepresidencia da igualdade e o benestar

### Obxecto

Convocar prazas de colaboradores-bolseiros nas residencias xuvenís dependentes da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.

### Destinatarios

Alumnado de ciclos formativos de grao superior e universitario.

### Requisitos

- Ter unha idade mínima de 18 anos e menos de 30 na data de presentación da solicitude.
- Estar cursando estudos nun ciclo formativo de grao superior ou estudos universitarios.

### Como solicitálas

Convócanse anualmente no *Diario Oficial de Galicia*.

### Contía

A concesión da bolsa comporta aloxamento e mantenza gratuítos na residencia xuvenil durante os doce meses do ano.

### Publicación da convocatoria

Segundo semestre no *Diario Oficial de Galicia*.

### Información

- Complexo Residencial Xuvenil LUG (Lugo).
- Residencia xuvenil "F.L. Cuevillas" (Ourense).
- Residencia xuvenil "Altamar" (Vigo).
- Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar.







**Destinatarios:** membros da comunidade universitaria.

### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

#### Centros concertados:

- Residencia Rialta (Campus da Coruña)
- Residencia Porta Nova I (Campus de Ferrol)
- Residencia Porta Nova II (Campus de Ferrol)

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### Centros propios:

- Colexio Maior “Rodríguez Cadarso” (Campus de Santiago de Compostela)
- Colexio Maior “Fonseca” (Campus de Santiago de Compostela)
- Colexio Maior “San Clemente” (Campus de Santiago de Compostela)
- Residencia Universitaria “Burgo das Nacións” (Campus de Santiago de Compostela)
- Residencia Universitaria “Monte da Condessa” (Campus de Santiago de Compostela)
- Residencia Universitaria “Jesús Bal y Gay” (Campus de Lugo)

### UNIVERSIDADE DE VIGO

#### Centros propios:

- Complexo Residencial “O Castro” (Campus de Vigo)
- Complexo Residencial “As Burgas” (Campus de Ourense)

#### Centros concertados:

- Residencia “A Peregrina” (Campus de Pontevedra)
- Complexo Residencial “Alcai” de Allariz (Campus de Ourense)

## Residencias xuvenís dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

**Destinatarios:** alumnado universitario e non universitario.

### Residencias xuvenís:


- Centro Residencial Xuvenil LUG (Lugo)
- Residencia Florentino.L. Cuevillas (Ourense)
- Residencia Altamar (Vigo)

## Centros Residenciais docentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**Destinatarios:** alumnos de bacharelato e de ciclos formativos de grao medio e superior.

### Centros Residencias docentes:

- Centro Residencial Docente da Coruña
- Centro Residencial Docente de Ourense
- Centro Residencial Docente de Vigo



**V**

Glosario de termos  
e referencias  
normativas





## 1. Ensinanzas universitarias

### 1.1. Glosario de termos

**Acceso a segundos ciclos (pasarelas).** As pasarelas son a posibilidade de acceder dende unha titulación universitaria de 1º ciclo (diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñería técnica) ou dende o 1º ciclo dunha titulación universitaria de 1º e 2º ciclo (licenciatura, arquitectura ou enxeñería) ao 2º ciclo dunha titulación de 1º e 2º ciclo ou a unha de só 2º ciclo. Se o 1º ciclo realizado coincide basicamente cos estudos de 2º ciclo que se queren cursar, o acceso é directo. Cando existen diferenzas, son necesarios uns complementos de formación, que poden cursarse simultaneamente coas ensinanzas de 1º ciclo, ou simultaneamente coas ensinanzas de 2º ciclo, coas restricións que impoñan os seus plans de estudos.

Distintas ordes ministeriais establecen os estudos de 1º ciclo que dan acceso a outros de 2º ciclo, indicando os complementos de formación.

**Ciclos.** Cada un dos bloques nos que está estruturado o plan de estudos. Actualmente, segundo os ciclos, as ensinanzas universitarias conducentes á obtención dos títulos oficiais poden ser:

Ensinanzas de 1º ciclo ou de ciclo curto. A súa duración é de 3 anos académicos e constan dun mínimo de 180 créditos. Conducen aos títulos de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

Ensinanzas de 1º e 2º ciclo ou de ciclo longo. Estrutúranse en dous ciclos, cunha duración mínima cada ciclo de dous anos, polo que a duración total é de 4 ou 5 anos, e constan dun mínimo de 300 créditos. Conducen aos títulos de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro.

Ensinanzas de só 2º ciclo. A súa duración é de dous anos e constan dun mínimo de 120 créditos. Accédese dende unha titulación de 1º ciclo ou cursando o 1º ciclo dunha titulación que capacite para o acceso. Conducen aos títulos de licenciado ou enxeñeiro.

Ensinanzas de terceiro ciclo ou doutoramento. Teñen como finalidade a especialización do estudante na súa formación investigadora dentro dun ámbito do coñecemento científico, técnico, humanístico ou artístico, e constan de dúas etapas: a) A etapa de formación, que comprende polo menos 2 anos e 32 créditos, na que se realizan os cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados dentro dun programa de doutoramento. A etapa de formación divídese, a súa vez, en dous períodos: o período de docencia e o período de investigación. b) A etapa de tese, que ten por obxecto a elaboración, defensa e aprobación dun traballo orixinal de investigación, denominado tese de doutoramento, que deberá ser dirixido por un investigador e que será xulgado por un tribunal nun acto público no que o alumno terá que presentalo e defendelo. A etapa de formación culmina coa obtención do diploma de estudos avanzados, un título oficial que acredita a suficiencia investigadora e o labor realizado nunha determinada área de coñecemento. Tras a etapa de doutoramento e a aprobación da tese, expídese o título de doutor, tamén de carácter oficial.

**Converxencia europea.** Adopción voluntaria dunha serie de medidas nas políticas educativas, por parte dos estados membros da UE e dos seus estados asociados, encamiñadas á creación dun espazo europeo de educación superior e á integración nel. Entre estas medidas destacan as seguintes: a harmonización dos sistemas nacionais de titulacións nun sistema flexible, comprensible e comparable, baseado, esencialmente, en dous niveis principais: grao e posgrao, o establecemento dun sistema de créditos europeos como o sistema ECTS e a implantación dun suplemento europeo aos títulos emitidos polas institucións educativas de ensino superior.

**Crédito.** Unidade de medida e de valoración das ensinanzas universitarias, na que se integran as ensinanzas teóricas e prácticas que constitúen cada plan de estudos.

**Crédito ECTS.** Siglas correspondentes á *European Credit Transfer and Accumulation System (Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos)*. Unidade de medida do haber académico, regulada no Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, baseada na carga de traballo que o estudante debe realizar para superar as materias establecidas no plan de estudos e alcanzar os obxectivos dun programa e as competencias requiridas para o perfil profesional. Nesta unidade de medida intégranse as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos.

**Distrito aberto.** Todos os estudantes que reúnan as esixencias legais poderán solicitar praza na universidade da súa elección para cursar o primeiro ou o segundo ciclo de estudos universitarios que conduzan á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, con independencia da universidade na que cursen os seus estudos ou na que, en todo caso, superasen as correspondentes probas de acceso.

**Espazo europeo de educación superior (EEES).** Espazo de converxencia dos Estados membros da Unión Europea e dos seus Estados asociados, iniciado coa Declaración de Bolonia de 1999. O EEES permitirá un recoñecemento máis doado das titulacións e facilitará a mobilidade dos estudantes universitarios, así como a integración dos titulados nun mercado laboral único. O horizonte temporal para a plena consecución deste espazo é o ano 2010.

**Grao.** Ensinanzas que comprenden o primeiro ciclo dos estudos universitarios. Englobarán ensinanzas básicas e de formación xeral, xunto a outras orientadas á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. A súa superación dará dereito á obtención do correspondente título, coa denominación que, en cada caso, acorde o Goberno. O número total de créditos das ensinanzas e actividades académicas conducentes á obtención dos títulos oficiais de Grao será de 240.

**Homologación de títulos estranxeiros.** Recoñecemento oficial da formación superada para a obtención dun título estranxeiro como equivalente á esixida para a obtención do que pode ser o correspondente título universitario español ou como equivalente á esixida para a obtención dun grao académico daqueles nos que se estruturan os estudos universitarios en España, e non a un título concreto. Pode ser homologación a un título do Catálogo oficial de títulos universitarios ou homologación a un grao acadé-

mico. Outórgalle ao título estranxeiro os mesmos efectos do título ou grao académico español co que se homologa, en todo o territorio nacional, de acordo coa normativa vixente.

**Materia.** Os plans de estudos están compostos por materias. Cada materia consta dun número mínimo de créditos. Hai catro tipos de materias:

**Materias troncais.** Son obrigatorias nos plans de estudo dunha mesma titulación en todas as universidades do Estado español.

**Materias obrigatorias.** Son establecidas por cada universidade e están incluídas dentro do correspondente plan de estudos como obrigatorias para o alumno.

**Materias optativas.** Son as que elixe o alumno, de acordo coas súas preferencias e intereses, entre aquelas que se ofertan nos plans de estudo da titulación.

**Materias de libre elección.** Son materias que o estudante elixe libremente para a configuración do seu currículo; pódense elixir materias doutras titulacións.

**Plan de estudos.** Conxunto de ensinanzas organizadas por unha universidade, que, unha vez superadas, dan dereito á obtención dun título.

**Posgrao.** Ensinanzas que comprenden o segundo e o terceiro ciclo dos estudos universitarios.

O segundo ciclo está dedicado á formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, dirixida a unha especialización académica ou profesional ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras. A superación deste ciclo dará dereito á obtención do título oficial de *Máster*. Os estudos universitarios conducentes á obtención do título oficial de *Máster* terán unha extensión mínima de 60 créditos e máxima de 120.

O terceiro ciclo terá como finalidade a formación avanzada do estudante nas técnicas de investigación. Poderá incluír cursos, seminarios ou outras actividades dirixidas á formación investigadora e incluír a elaboración e presentación da correspondente tese de doutoramento, consistente nun traballo orixinal de investigación. A superación do terceiro ciclo dará dereito á obtención do título de *Doutor*, que representa o nivel máis elevado na educación superior, acredita o máis alto rango académico e faculta para a docencia e a investigación, de acordo coa lexislación vixente.

**Suplemento europeo ao título.** Documento que acompaña a cada un dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de educación superior. Engade información ao título obtido mediante unha descrición da súa natureza, nivel, contexto e contido. Ten como finalidade promover a máis ampla mobilidade de estudantes e de titulados españois.

**Títulos oficiais.** Son títulos universitarios oficiais e con validez en todo o territorio nacional os establecidos con tal carácter polo Goberno. Estes títulos, que se integran no Catálogo de títulos universitarios oficiais que aprobo o Goberno, producen efectos académicos plenos e habilitan para o exercicio profesional, de acordo coa normativa vixente.

**Títulos propios.** Son títulos propios os establecidos polas universidades, en virtude da súa autonomía. Estes títulos non teñen os efectos académicos e profesionais que as disposicións legais recoñecen aos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

**Validación de títulos estranxeiros.** Recoñecemento oficial da validez para efectos académicos de estudos superiores realizados no estranxeiro, remataran ou non coa obtención dun título, respecto de estudos universitarios españois parciais. A validación permite proseguir estes estudos nunha universidade española.

## 1.2. Referencias normativas

**Normativa xeral.** Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro de 2001).

Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE do 13 de abril de 2007).

Real decreto 1742/2003, de 19 de decembro, polo que se establece a normativa básica para o acceso aos estudos universitarios de carácter oficial (BOE de 22 de xaneiro de 2004).

Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE do 30 de outubro de 2007).

**Equivalencia de títulos.** Real decreto 1272/2003, de 10 de outubro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario a títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE do 24 de outubro de 2003).

**Homologación e validación de títulos estranxeiros.** Real decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 4 de marzo de 2004).

Real decreto 1830/2004, de 27 de agosto, polo que se establece un novo prazo para entrada en vigor de determinados artigos do Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior. (BOE do 31 de agosto de 2004)

Real decreto 309/2005, do 18 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 19 de marzo de 2005).

Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, pola que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior. (BOE do 15 de novembro de 2004)

Orde ECI/1712/2005, do 2 de xuño, pola que se modifica a Orde ECI/3686/2004, do 3 de novembro, pola que se ditan normas para a aplicación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, pola que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior (BOE do 10 de xuño de 2005)

**Suplemento Europeo ao Título.** Real decreto 1044/2003, de 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do Suplemento Europeo ao Título (BOE do 11 de setembro de 2003).

**Crédito europeo.** Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE do 18 de setembro de 2003).

**Ensinanzas de Posgrao.** Decreto 66/2007, do 29 de marzo, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes a título de máster ou de doutor (DOG do 16 de abril de 2007).

**Maiores de 25 anos.** Real decreto 743/2003, de 20 de xuño, polo que se regula a proba de acceso á universidade dos maiores de 25 anos (BOE do 4 de xullo de 2003).

**Acceso e incorporación.** Orde do 18 de febreiro de 2008, pola que se regulan as probas de acceso á Universidade para os alumnos e as alumnas que cursaron as ensinanzas de bacharelato previstas na Lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo. (DOG do 7 de marzo de 2008)

Orde do 19 de febreiro de 2008, pola que se regula o proceso de incorporación para o curso 2007-2008 dos estudantes ao nivel universitario do ensino nos centros das tres universidades galegas. (DOG do 6 de marzo de 2008).

**Estatutos das universidades galegas.** Decreto 421/2003, de 13 de novembro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (DOG do 5 de decembro de 2003). Corrección de erros (DOG do 9 de xaneiro de 2004).

Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DOG do 9 de febreiro de 2004).

Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio de 2004).

## 2. Ensinanzas superiores non universitarias

### 2.1. Glosario de termos

**Ciclos formativos.** As ensinanzas de formación profesional ordénanse en familias profesionais. Cada familia profesional estrutúrase en ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

Na actualidade existe un catálogo de 22 familias profesionais e un total de 64 ciclos formativos de grao medio e 78 de grao superior.

**Duración dos ciclos formativos.** A duración de cada ciclo regúlase na normativa correspondente a cada título. Oscila entre 1.300 e 2.000 horas.

**Formación profesional no sistema educativo.** Ten como finalidade a preparación para a actividade nun campo profesional e facilitar a adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da vida, así como contribuír ao desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

**Módulos profesionais.** Os ciclos formativos de formación profesional estrutúranse en módulos profesionais, sendo variable o número de módulos que compoñen cada ciclo.

Os módulos profesionais, equivalentes a áreas ou materias doutros niveis educativos, son bloques de formación, asociados a unha ou a varias unidades de competencia.

Os módulos de formación e orientación laboral (FOL) e o de formación en centros de traballo (FCT) teñen carácter obrigatorio e cúrsanse en todos os ciclos formativos, tanto de grao medio como de grao superior.

O módulo de formación en centros de traballo (FCT) realízanos os alumnos en contornos laborais así que rematan a formación teórico-práctica no centro educativo. A duración depende do ciclo formativo e oscila entre 300 e 700 horas.

**Titulación.** Quen supere as ensinanzas de formación profesional de grao medio obterá o título de técnico, co que se pode acceder directamente a calquera modalidade de bacharelato.

Quen supere as ensinanzas de formación profesional de grao superior obterá o título de técnico superior, co que pode acceder directamente a determinadas titulacións universitarias relacionadas cos estudos de FP cursados, que se determinan na normativa correspondente de cada título.

**Validación de créditos en titulacións universitarias.** Os titulados superiores de formación profesional que realizaran estes estudos nalgún centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporen ao Sistema Universitario de Galicia poderán validar a súa formación por créditos en determinadas titulacións universitarias.

## 2.2. Referencias normativas

### Normativa xeral

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

### Ciclos superiores de formación profesional

Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, (BOE nº 3, 03/01/07) polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

Orde do 23 de abril de 2007 (DOG 07/05/07) pola que se regulan o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para a obtención dos títulos de técnico e técnico superior.

Orde do 28 de maio de 2007 (14/05/07) pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 5 de xuño de 2007 (DOG 15/06/07) pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Orde do 30 de xullo de 2007 (DOG 09/08/07) pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.

Resolución do 12 de xuño de 2007 (DOG 18/06/07) pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2007-2008.

Resolución do 31 de xullo de 2007 (DOG 09/08/07), da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional inicial no curso 2007-2008.

### Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño

Orde ECI/3058/2004, de 10 de setembro, pola que se regulan determinadas validacións de módulos dos ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño conforme a Lei 1/1990, do 3 de outubro, da Ordenación Xeral do Sistema Educativo (BOE do 27 de setembro do 2004).

Orde do 9 de setembro de 2004 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de artes plásticas e deseño de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia

Orde do 25 de xuño de 2007 pola que se regulan o acceso e a admisión ás ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (DOG do 11 de xullo de 2007).

## Ensinanzas superiores de música

Decreto 183/2001, de 19 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior das ensinanzas de música e o acceso a este grao (DOG do 13/08/2001).

Orde do 26 de xaneiro pola que se regula a proba de acceso ao grao superior das ensinanzas de música (DOG do 04/03/2004).

## Ensinanzas superiores de danza

Real decreto 1463/1999, de 17 de setembro, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de grao superior de danza e se regula a proba de acceso a estes estudos (BOE do 29/09/1999).

## Ensinanzas superiores de arte dramática

Decreto 220/2005, de 7 de xullo, polo que se establece o currículo das ensinanzas superiores de arte dramática e se regula a proba de acceso a estes estudos (DOG do 08/08/2005).

## Ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais

Orde do 20 de febreiro de 1992 pola que se aproba o currículo e se regulan as ensinanzas de Conservación e restauración de bens culturais (DOG do 11/03/1992).

## Ensinanzas superiores de deseño

Orde do 25 de abril de 2007 pola que se regula a avaliación, a acreditación académica e a mobilidade do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de artes plásticas e deseño e as de conservación e restauración de bens culturais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de maio de 2007).

Decreto 233/2005, de 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas (DOG do 12/08/2005).

## Ensinanzas deportivas

Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, e polo que se aproban as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas (BOE do 23 de xaneiro de 1998).


Orde ECD/454/2002, do 22 de febreiro, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación das ensinanzas conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que cumpren para garantir a mobilidade do alumnado (BOE do 5 de marzo de 2002).

Orde ECD/189/2004, do 21 de xaneiro, pola que se regula o procedemento de tramitación dos expedientes de homologación, validación e equivalencia para efectos profesionais das formacións de adestradores deportivos (BOE do 6 de febreiro de 2004).

Orde ECI/3224/2004, do 21 de setembro (BOE do 8 de outubro), que establece determinadas validacións a efectos académicos entre as ensinanzas oficiais e as de técnicos deportivos, así como as Ordes ECI/3341/2004 de 8 de outubro (BOE do 15 de outubro), e a Orde ECI/3830/2005 (BOE do 9 de decembro), que modifica a primeira.

Real decreto 1363/2007, de 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial (BOE do 8 de novembro de 2007).

Orde do 24 de marzo de 2003 pola que se regulan as probas de madurez e de carácter específico para o acceso ás ensinanzas deportivas reguladas polo Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro (DOG do 2 de abril de 2003).



## VI Enderezos de interese



### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono información: 981 544 400  
www.edu.xunta.es

### Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Teléfonos: 981 545 427 / 446  
Fax: 981 545 422  
dxu@edu.xunta.es

### Subdirección Xeral de Universidades

Teléfono: 981 545 446

- Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios  
Teléfonos: 981 544 430 / 5431 / 5433
- Servizo de Coordinación do Sistema Universitario  
Teléfonos: 981 545 430 / 434
- Servizo de Financiamento do Sistema Universitario  
Teléfono: 981 545 479

### Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

Formación Profesional: [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)  
Ensinanzas Especiais: [www.edu.xunta.es/ea](http://www.edu.xunta.es/ea)  
Teléfono: 981 546 562  
Fax: 981 546 551  
dxfp@edu.xunta.es

### Subdirección Xeral de Formación Profesional

Teléfono: 981 546 532 / 533  
Servizo de Formación en Empresas e Orientación Profesional  
Teléfonos: 981 546 546 / 536

### Subdirección Xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente

Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial  
Teléfono: 981 546 555  
Asesoría artes plásticas e deseño e música e artes escénicas  
Teléfono: 981 546 556  
Asesoría ensinanzas deportivas  
Teléfono: 981 997 020

- Conservatorios Superiores de Música  
A Coruña  
R/ Manuel Murguía, s/n  
15011 A Coruña  
Teléfono: 981 141 295  
Fax: 981 140 655  
Vigo  
R/ Manuel Olivie, 23  
36203 Vigo  
Teléfono: 986 471 144  
Fax: 986 481 807
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia  
Apartado de correos 2102  
36208 Vigo  
Teléfono: 619 910 967
- Escolas de Arte e Superiores de Deseño  
A Coruña,  
Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso  
R/ Os Pelamios, 2  
15001 A Coruña  
Teléfono: 981 225 396  
Fax: 981 228 078  
Santiago de Compostela  
Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo  
R/ Virxe da Cerca, 32  
15703 Santiago de Compostela. A Coruña  
A Coruña  
Teléfono: 981 587 757  
Fax: 981 572 293  
Lugo  
Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón  
R/ Montirón, s/n  
27002 Lugo  
Teléfono: 982 220 792  
Fax: 982 251 520  
Ourense  
Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde  
Avda. da Universidade, s/n  
32005 Ourense  
Teléfono: 988 238 365  
Fax: 988 238 365

- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia  
R/ Xeral Martitegui, s/n  
36002 Pontevedra  
Teléfono: 986 861 251  
Fax: 986 861 272

## Delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### A Coruña

Edif. Servizos Múltiples, 7º andar  
Rúa Salvador de Madariaga, s/n  
15008 A Coruña  
Teléfono: 981 184 701  
Fax: 981 184 785

Servizo de Recursos Educativos Complementarios  
Teléfono: 981 184 741 / 42  
Información bolsas: [becas.coruna@edu.xunta.es](mailto:becas.coruna@edu.xunta.es)

### Lugo

Ronda da Muralla, 70  
27071 Lugo  
Teléfono: 982 294 210  
Fax: 982 294 152

Servizo de Recursos Educativos Complementarios  
Teléfono: 982 294 188 / 189  
Información bolsas: [becas.lugo@edu.xunta.es](mailto:becas.lugo@edu.xunta.es)

### Ourense

Rúa Concello, 11  
32003 Ourense  
Teléfono: 988 386 604 / 601  
Fax: 988 386 600

Servizo de Recursos Educativos Complementarios  
Teléfono: 988 386 652 / 651  
Información bolsas: [becas.ourense@edu.xunta.es](mailto:becas.ourense@edu.xunta.es)

### Pontevedra

Avda. Montero Ríos, s/n  
36001 Pontevedra  
Teléfono: 986 805 960  
Fax: 986 805 937

Servizo de Recursos Educativos Complementarios  
Teléfono: 986 805 955 / 901  
Información bolsas: [becas.pontevedra@edu.xunta.es](mailto:becas.pontevedra@edu.xunta.es)

### Presidencia

Secretaría Xeral de Emigración  
[www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com)

Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas  
Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas  
Rúa Basquiños, 2  
15781 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono: 981 957 353 / 162  
Fax: 981 957 399  
[entidadesgalegas@xunta.es](mailto:entidadesgalegas@xunta.es)

### Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Servizos da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade en Lugo, Ourense e Vigo

Servizo de Xuventude e Solidariedade  
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia  
Ronda da Muralla, 70  
27071 Lugo  
Teléfono: 982 294 599 / 301

Servizo de Xuventude e Solidariedade  
Avda. da Habana, 81, baixo  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 386 120

Servizo de Xuventude e Solidariedade  
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia  
Rúa Concepción Arenal, 8, 1º andar  
36201 Vigo  
Teléfono: 986 817 656

## Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG)

Facultade de Dereito, 3º andar  
15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono: 981 528 080  
Fax: 981 528 081  
ciug@cesga.es  
www.cesga.es/ciug

## Servizos ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia

### Centros de información universitaria

#### Universidade de Santiago de Compostela

##### Campus de Santiago de Compostela Oficina de Información Universitaria (OIU)

Pavillón Estudiantil, 2º andar  
Zona campus sur  
15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfonos: 902 101 022 / 981 547 111/ 981 563 100, ext.14549 / 14555  
Fax: +34 981 595 117  
oiusec@usc.es  
www.usc.es/oiu

##### Campus de Lugo Oficina de Información Universitaria (OIU)

Edificio Biblioteca Intercentros  
Campus universitario  
27002 Lugo  
Teléfono: 982 285 900, ext. 23581  
Fax: 982 285 907  
oiusec@usc.es  
www.usc.es/oiu

#### Universidade da Coruña

##### Campus de A Coruña Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

Casa do Francés  
Campus da Zapateira, s/n  
15071 A Coruña  
Teléfono: 981 167 000, ext. 2904 / 2911 / 2912  
Fax: 981 167 075  
sape@udc.es  
www.udc.es/sape

**Campus de Ferrol****Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)**

r/ Dr. Vázquez Cabrera, s/n.  
Campus de Esteiro  
15403 Ferrol. A Coruña  
Teléfono: 981 337 400, ext. 3672  
Fax: 981 337 456  
sapefer@udc.es  
www.udc.es/sape

**Universidade de Vigo****Campus de Vigo****Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante (SIOPE)**

Edificio Miralles. Praza Miralles, s/n  
Campus universitario "Lagoas – Marcosende", s/n  
36310 Vigo. Pontevedra  
Teléfono: 986 813 630 / 3755  
Fax: 986 813 639  
siope@uvigo.es  
www.uvigo.es/servicios

**Campus de Pontevedra****Área de Servizos á Comunidade**

E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal  
Campus "A Xunqueira", s/n  
36005 Pontevedra  
Teléfono: 986 801 949  
Fax: 986 802 060  
siope-po@uvigo.es, xascop@uvigo.es  
www.uvigo.es/servicios

**Campus de Ourense****Área de Servizos á Comunidade**

Edificio Administrativo, primeiro andar  
Campus universitario "As Lagoas"  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 387 102 / 089  
Fax: 988 387 165  
siope-ou@uvigo.es  
www.uvigo.es/servicios

### Universidade de Santiago de Compostela

#### Campus de Santiago de Compostela

#### Vicerreitorado de Comunidade Universitaria e Compromiso Social

Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado  
Pavillón Estudiantil. Zona campus sur  
15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono: 981 563 100, ext. 14574 /14575  
ves060@si.usc.es, dirsur@usc.es  
www.usc.es/sur

#### Campus de Lugo

#### Vicerreitorado de Coordinación

Vicexerencia. Negociado de Alumnado e Información  
Edificio Intercentros, s/n  
27002 Lugo  
Teléfono: 982 285 900, ext. 23579  
vicexer@si.usc.es, dirsur@usc.es, ves060@si.usc.es  
www.usc.es/sur

Oficina de Información Universitaria (OIU), nas súas sedes nos campus de Santiago de Compostela e Lugo (véxase epígrafe de centros de información universitaria).

### Universidade da Coruña

#### Campus de A Coruña

#### Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

Casa do Francés  
Campus da Zapateira, s/n  
15071 A Coruña  
Teléfono: 981 167 000, ext. 2904 / 2911 / 2912  
Fax: 981 167 075  
sape@udc.es  
www.udc.es/sape

#### Campus de Ferrol

#### Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

r/ Dr. Vázquez Cabrera, s/n.  
Campus de Esteiro  
15403 Ferrol. A Coruña  
Teléfono: 981 337 400, ext. 3672  
Fax: 981 337 456  
sapefer@udc.es  
www.udc.es/sape

## Universidade de Vigo

### Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes

Servizo de Extensión Universitaria  
 Edificio Miralles. Praza Miralles, s/n.  
 Campus Lagoas-Marcosende  
 36310 Vigo. Pontevedra  
 Teléfonos: 986 813 603 / 817 / 626  
 Fax: 986 814 032  
 xsvicxt@uvigo.es, xnvicext@uvigo.es  
 extension.uvigo.es

Sección de Información, Orientación e Promoción do Estudante do Campus de Vigo, e as Áreas de Servizos á Comunidade nos campus de Ourense e Pontevedra (véxase epígrafe de centros de información universitaria).

## Bolsas

### Universidade de Santiago de Compostela

#### Sección de Bolsas

Pavillón Estudiantil – Zona campus sur  
 15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
 Teléfono: 981 528 066  
 Fax: 981 595 117  
 bol314@si.usc.es  
 www.usc.es/bolsas

### Universidade da Coruña

#### Sección de Estudantes

Pavillón de Estudantes.  
 Campus de Elviña, s/n  
 15071 A Coruña  
 Teléfono: 981 167 000, ext. de 1186 a 1193  
 Fax: 981 167 198  
 avidal@udc.es  
 www.udc.es/estudantes/ga

### Universidade de Vigo

#### Sección de Bolsas

Reitoría  
 Campus Lagoas-Marcosende, s/n  
 36310 Vigo. Pontevedra  
 Teléfonos: 986 813 611 / 12  
 Fax: 986 813 467  
 bolsas@uvigo.es  
 www.uvigo.es

## Estudos oficiais de posgrao

265

### Universidade de Santiago de Compostela Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo

Programas Oficiais de Posgrao  
Praza do Obradoiro. Pazo de San Xerome  
15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono: 981 559 921  
Fax: 981 577 418  
[www.usc.es/vrodoces](http://www.usc.es/vrodoces), [www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop)  
[vrodoces@usc.es](mailto:vrodoces@usc.es), [posgrao@usc.es](mailto:posgrao@usc.es)

### Centro de Posgrao, Terceiro ciclo e Formación Continua

Vivenda dos Catedráticos. Avda. das Ciencias, s/n  
15782 Santiago de Compostela. A Coruña  
Teléfono: 981 563 100, ext. 14360  
Fax: 981 547 099  
[www.usc.es/cptf/](http://www.usc.es/cptf/), [cptf@usc.es](mailto:cptf@usc.es)  
[www.usc.es/pop](http://www.usc.es/pop), [posgrao@usc.es](mailto:posgrao@usc.es)

### Universidade da Coruña Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea

Programas Oficiais de Posgrao  
r/ Maestranza, 9  
15001 A Coruña  
Teléfono: 981 167 000, ext.1152  
Fax: 981 167 011  
[vche@udc.es](mailto:vche@udc.es)  
[www.udc.es/estudos/ga/psoposgrao](http://www.udc.es/estudos/ga/psoposgrao)

### Estudos de 3º ciclo (doutoramento)

Pavillón de estudantes.  
Campus de Elviña, s/n  
15071 A Coruña  
Teléfono: 981 167 000  
Fax: 981 167 198  
[www.udc.es/tercerciclo](http://www.udc.es/tercerciclo)  
[tercerciclo@udc.es](mailto:tercerciclo@udc.es)

## Universidade de Vigo Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea

Campus Lagoas-Marcosende, s/n  
Edificio Cacti, 2º andar  
36310 Vigo. Pontevedra  
Teléfono: 986 813 442  
Fax: 986 813 444  
webs.uvigo.es/victce  
Programas Oficiais de Posgrao  
Teléfono: 986 813 447  
seccposgrao@uvigo.es

### Estudos de 3º ciclo (doutoramento)

Teléfono: 986 813 457  
3ciclo2@uvigo.es

## Ministerio de Educación e Ciencia

Información e consultas  
c/ Alcalá, 36. 28071 Madrid  
www.mec.es

### Dirección Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección Subdirección Xeral de Bolsas e Promoción Educativa

r/ Torrelaguna, 58  
28027 Madrid  
Teléfono: 902 111 225  
Información convocatorias de bolsas ata a obtención  
dunha titulación universitaria: info-beca@mec.es

### Dirección Xeral de Universidades

r/ Albacete, 5, 1º este  
28071 Madrid  
Teléfono: 91 603 70 00  
préstamos renda: prestamos.renda@mec.es  
www.mec.es/univ/

Validación e Homologación de títulos e estudos  
non universitarios e universitarios

### A Coruña

Subdelegación do Goberno  
Alta Inspección de Educación  
r/ Durán Lóriga, nº 9, 5º andar  
15071 A Coruña  
Teléfono: 981 989 550  
Fax: 981 223 302

### Lugo

Subdelegación do Goberno  
Oficina de Educación  
r/ Armañá, nº 10  
27001 Lugo  
Teléfono: 982 759 000  
Fax: 982 759 251

### Ourense

Subdelegación do Goberno  
Oficina de Educación  
r/ Parque de San Lázaro, 2  
32003 Ourense  
Teléfono: 988 759 000 / 174  
Fax: 988 372 442

### Pontevedra

Subdelegación do Goberno  
Oficina de Educación  
Praza de España s/n  
36002 Pontevedra  
Teléfono: 986 989 000 / 249  
Fax: 986 989 232

